



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 196
19 de outubro de 2017

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

I Emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de portos de Galicia [(doc. núm. 14376, 10/PL-000005)]

- Do G. P. Popular de Galicia, 2 emendas (doc. núm. 18164) [58071](#)
- Do G. P. de En Marea, 53 emendas (doc. núm. 18234) [58072](#)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia, 177 emendas (doc. núm. 18235) [58085](#)
- Do G. P. Popular de Galicia, 106 emendas (doc. núm. 18236 e corrección de erros no doc. 18291) [58122](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

I 18364 (10/PRE-005118)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para arranxar os problemas de mantemento detectados no Colexio Rosalía de Castro, do Carril [58151](#)

I 18381 (10/PRE-005119)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a situación en que se atopa o Centro de Día dos Gozos, no concello do Pereiro de Aguiar, as razóns da demora e o prazo estimado polo Goberno galego para a súa posta en funcionamento, así como as súas previsións respecto da asunción directa da súa xestión e o número de prazas que vai ter [58153](#)

I 18385 (10/PRE-005120)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar a situación en que se atopa o Servizo de Pediatría do Centro de Saúde de Carballo a consecuencia do número de pacientes que lle corresponde a cada un dos facultativos [58155](#)

I 18393 (10/PRE-005121)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as razóns do Goberno galego para non facer extensible a todo o período educativo o modelo denominado Fondo solidario de libros de texto [58157](#)

I 18440 (10/PRE-005122)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o cumprimento do compromiso referido ao arranxo das deficiencias existentes no Centro de Saúde de Marín, así como o mantemento de conversas coa alcaldesa ao respecto [58160](#)

I 18451 (10/PRE-005123)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre as xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para garantir a subministración ás farmacias galegas do medicamento denominado Trangorex para o tratamento de arritmias, o mantemento dalgún contacto ao respecto co laboratorio subministrador e as razóns da súa dispoñibilidade nas farmacias portuguesas [58162](#)

I 18455 (10/PRE-005124)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos referidos aos fogares que teñen dificultades para chegar á fin de mes en Galicia no terceiro trimestre de 2017 e a súa evolución en relación co anterior trimestre, as medidas que vai adoptar para reverter esta situación e as súas previsións respecto da consignación para o ano 2018 dalgunha partida orzamentaria para ese fin [58164](#)

I 18470 (10/PRE-005125)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre os datos referidos ao desenvolvemento das medidas e actuacións reflectidas no VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015 para a consecución do obxectivo de impulsar as políticas de igualdade e a transversalidade de xénero no eido local, cunha atención especial á formación dos seus recursos humanos e á creación de novos espazos de interacción e experiencias, así como a valoración do Goberno galego respecto da súa suficiencia [58166](#)

I 18474 (10/PRE-005126)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre os datos referidos ao desenvolvemento das medidas e actuacións reflectidas no VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015 para a consecución do obxectivo de fortalecer a colaboración interdepartamental e institucional a favor da igualdade entre mulleres e homes, así como no labor de cooperación exterior da Administración autonómica, e a valoración do Goberno galego ao respecto [58170](#)

I 18478 (10/PRE-005127)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 7 máis

Sobre os datos referidos aos obradoiros e/ou outras actividades promovidas polo Instituto Galego de Consumo durante os anos de vixencia do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015 con destino ás asociacións de mulleres, en especial do ámbito rural, para a mellora das actitudes de respecto aos dereitos das persoas, así como a súa valoración polo Goberno galego

[58174](#)**I 18481 (10/PRE-005128)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e 7 máis**

Sobre os datos referidos aos obradoiros para reflexionar sobre a violencia de xénero implícita na publicidade, como vía de transmisión de valores e socialización diferencial, dirixidos ás asociacións de mulleres, en especial do ámbito rural, promovidos polo Instituto Galego de Consumo durante os anos de vixencia do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015, así como a valoración do Goberno galego ao respecto

[58177](#)**I 18487 (10/PRE-005129)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co estado de abandono e deterioración que presenta o parque forestal de Castiñeiras, nos concellos de Marín e Vilaboa, as razóns do incumprimento do convenio asinado coa comunidade de montes de Vilaboa referido ao desenvolvemento de plans anuais de conservación e as súas previsións respecto da execución dalgunha actuación para a súa recuperación

[58180](#)**I 18492 (10/PRE-005130)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e 6 máis**

Sobre os datos referidos ao desenvolvemento das medidas e actuacións reflectidas no VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015 para a consecución do obxectivo de estimular un crecemento máis rápido no coñecemento e uso das novas tecnoloxías por parte das mulleres, especialmente das do medio rural, e diminuír a fenda dixital existente en relación cos homes, así como a valoración do Goberno galego ao respecto

[58184](#)**I 18506 (10/PRE-005131)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e 6 máis**

Sobre os datos referidos ao desenvolvemento das medidas e actuacións reflectidas no VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015 para a consecución do obxectivo de potenciar o desenvolvemento profesional e o empoderamento das mulleres rurais en todos os posibles ámbitos da actividade económica, así como a valoración do Goberno galego ao respecto

[58188](#)**I 18517 (10/PRE-005132)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as razóns da demora na reapertura das unidades de oncoloxía e de cirurxía plástica, así como das camas pechadas durante o verán, no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, as actua-

cións previstas pola Xunta de Galicia en relación cos datos das listas de espera na sanidade pública galega e o tipo de solución que vai procurar para reducir os tempos das listas de espera de traumatoloxía nese centro

[58193](#)

I 18558 (10/PRE-005133)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 6 máis

Sobre os datos referidos ás medidas desenvolvidas nos últimos tres anos para apoiar o desenvolvemento da actividade emprendedora da muller no medio rural, sensibilizar e educar en igualdade desde a infancia as mulleres e os homes dese medio, así como contribuír á prevención e erradicación da violencia de xénero contra as mulleres e a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de darlle prioridade ao obxectivo de acadar a paridade en todas as institucións, asociacións, entidades e órganos de representación do rural

[58196](#)

I 18563 (10/PRE-005134)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego e as medidas que vai adoptar en relación coa situación de colapso que se está a producir nos xulgados especiais que atenden as demandas relacionadas coas cláusulas chan, nomeadamente nos de Vigo e da Coruña, así como a súa opinión referida ás solicitudes formuladas polo xuíz decano de Vigo ao respecto

[58199](#)

I 18566 (10/PRE-005135)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións de apertura, en horario de mañá e tarde, do Arquivo Histórico Provincial de Ourense, as razóns do anuncio publicado nas redes sociais o día 9 de outubro de 2017 en relación coas condicións para a prestación polas tardes do servizo de consulta en sala, así como as da demora na súa publicación na páxina web da Xunta de Galicia, a incidencia que vai ter esa alteración nas actividades programadas e as previsións ao respecto

[58202](#)

I 18586 (10/PRE-005136)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre o destino e as razóns da modificación de crédito por importe de 10,7 millóns de euros levada a cabo no orzamento da Axencia Galega de Innovación para o ano 2016, así como os motivos de que non se executasen 4,8 millóns de euros dese orzamento

[58206](#)

I 18599 (10/PRE-005137)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación na que se atopa o sector editorial en Galicia e, en concreto, a edición en lingua galega, as súas razóns para non desenvolver nos últimos dez anos a Lei do libro e da lectura de Galicia, para non aprobar o plan director do libro anunciado e para non convocar o Consello Asesor do Libro desde 2010, así como as medidas previstas para impulsar a edición en galego

[58209](#)

I 18617 (10/PRE-005138)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as conclusións, a actividade desenvolvida e a composición da comisión de seguimento dos orzamentos do Estado anunciada polo Goberno galego en abril de 2017, a opinión do Goberno galego respecto dos resultados das previsións orzamentarias e de investimento do Goberno central para o ano 2017, así como os datos referidos á porcentaxe de investimento estatal que posúe na actualidade Galicia e a estratexia negociadora que vai seguir en relación cos vindeiros orzamentos do Estado

[58214](#)**I 18625 (10/PRE-005139)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e 3 máis**

Sobre a información e as xestións realizadas polo Goberno galego diante do Goberno central, en concreto diante da Demarcación de Costas, en relación co risco que presentan para as persoas usuarias os danos detectados na calzada da vía de Santa Mariña que bordea a praia de Razo, así como na zona coñecida como Baixada da Cabreira, no concello de Carballo

[58218](#)**I 18635 (10/PRE-005140)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio**

Sobre o coñecemento polo Goberno galego do malestar xerado nos colectivos de membros do Servizo de Gardacostas de Galicia en relación co decreto de funcións aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 28 de xullo de 2017, a súa opinión en relación coas melloras que introduce ese decreto e a súa valoración respecto da redacción que presenta

[58221](#)**I 18637 (10/PRE-005141)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre o grao de desenvolvemento actual do Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021, así como as contías públicas recibidas polos concellos galegos polos que pasa algún dos camiños de Santiago, a través de subvencións, axudas ou convenios relacionados co Camiño ou cos equipamentos dotacionais referidos a el, desde o ano 2015

[58223](#)**I 18647 (10/PRE-005142)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Sanidade para axudar a resolver o problema de desabastecemento do fármaco Trangorex en Galicia e a súa opinión ao respecto

[58225](#)**I 18675 (10/PRE-005143)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da axilización dos prazos de convocatoria, aprobación e resolución definitiva das axudas para a prevención de incendios forestais, co fin de que os traballos se poidan levar a cabo ao remate do inverno e comezo da primavera

[58227](#)

1.4.5. Respostas a preguntas

■ 17936 - 18332 - 3918 (10/PRE-002377)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da mellora da situación do desemprego en Galicia en relación co ano 2009 [58229](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.1. Informacións

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 17 de outubro de 2017, polo que se modifica a relación de postos de traballo do Valedor do Pobo [58069](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de portos de Galicia

A Mesa da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do día 17 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de portos de Galicia (doc. núm. 14376, 10/PL-000005)

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado:

- Do G. P. Popular de Galicia, 2 emendas (doc. núm. 18164)
- Do G. P. de En Marea, 53 emendas (doc. núm. 18234)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia, 177 emendas (doc. núm. 18235)
- Do G. P. Popular de Galicia, 106 emendas (doc. núm. 18236 e corrección de erros no doc. 18291)

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 16 de outubro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 18364 (10/PRE-005118)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para arranxar os problemas de mantemento detectados no Colexio Rosalía de Castro, do Carril

- 18381 (10/PRE-005119)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a situación en que se atopa o Centro de Día dos Gozos, no concello do Pereiro de Aguiar, as razóns da demora e o prazo estimado polo Goberno galego para a súa posta en funcionamento, así como as súas previsións respecto da asunción directa da súa xestión e o número de prazas que vai ter

- 18385 (10/PRE-005120)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar a situación en que se atopa o Servizo de Pediatría do Centro de Saúde de Carballo a consecuencia do número de pacientes que lle corresponde a cada un dos facultativos

- 18393 (10/PRE-005121)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as razóns do Goberno galego para non facer extensible a todo o período educativo o modelo denominado Fondo solidario de libros de texto

- 18440 (10/PRE-005122)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o cumprimento do compromiso referido ao arranxo das deficiencias existentes no Centro de Saúde de Marín, así como o mantemento de conversas coa alcaldesa ao respecto

- 18451 (10/PRE-005123)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre as xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para garantir a subministración ás farmacias galegas do medicamento denominado Trangorex para o tratamento de arritmias, o mantemento dalgún contacto ao respecto co laboratorio subministrador e as razóns da súa dispoñibilidade nas farmacias portuguesas

- 18455 (10/PRE-005124)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos referidos aos fogares que teñen dificultades para chegar á fin de mes en Galicia no terceiro trimestre de 2017 e a súa evolución en relación co anterior trimestre, as medidas que vai adoptar para reverter esta situación e as súas previsións respecto da consignación para o ano 2018 dalgunha partida orzamentaria para ese fin

- 18470 (10/PRE-005125)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre os datos referidos ao desenvolvemento das medidas e actuacións reflectidas no VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015 para a consecución do obxectivo de im-

pulsar as políticas de igualdade e a transversalidade de xénero no eido local, cunha atención especial á formación dos seus recursos humanos e á creación de novos espazos de interacción e experiencias, así como a valoración do Goberno galego respecto da súa suficiencia

- 18474 (10/PRE-005126)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre os datos referidos ao desenvolvemento das medidas e actuacións reflectidas no VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015 para a consecución do obxectivo de fortalecer a colaboración interdepartamental e institucional a favor da igualdade entre mulleres e homes, así como no labor de cooperación exterior da Administración autonómica, e a valoración do Goberno galego ao respecto

- 18478 (10/PRE-005127)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 7 máis

Sobre os datos referidos aos obradoiros e/ou outras actividades promovidas polo Instituto Galego de Consumo durante os anos de vixencia do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015 con destino ás asociacións de mulleres, en especial do ámbito rural, para a mellora das actitudes de respecto aos dereitos das persoas, así como a súa valoración polo Goberno galego

- 18481 (10/PRE-005128)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 7 máis

Sobre os datos referidos aos obradoiros para reflexionar sobre a violencia de xénero implícita na publicidade, como vía de transmisión de valores e socialización diferencial, dirixidos ás asociacións de mulleres, en especial do ámbito rural, promovidos polo Instituto Galego de Consumo durante os anos de vixencia do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015, así como a valoración do Goberno galego ao respecto

- 18487 (10/PRE-005129)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co estado de abandono e deterioración que presenta o parque forestal de Castiñeiras, nos concellos de Marín e Vilaboa, as razóns do incumprimento do convenio asinado coa comunidade de montes de Vilaboa referido ao desenvolvemento de plans anuais de conservación e as súas previsións respecto da execución dalgunha actuación para a súa recuperación

- 18492 (10/PRE-005130)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 6 máis

Sobre os datos referidos ao desenvolvemento das medidas e actuacións reflectidas no VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015 para a consecución do obxectivo de estimular un crecemento máis rápido no coñecemento e uso das novas tecnoloxías por parte das

mulleres, especialmente das do medio rural, e diminuír a fenda dixital existente en relación cos homes, así como a valoración do Goberno galego ao respecto

- 18506 (10/PRE-005131)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 6 máis

Sobre os datos referidos ao desenvolvemento das medidas e actuacións reflectidas no VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015 para a consecución do obxectivo de potenciar o desenvolvemento profesional e o empoderamento das mulleres rurais en todos os posibles ámbitos da actividade económica, así como a valoración do Goberno galego ao respecto

- 18517 (10/PRE-005132)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns da demora na reapertura das unidades de oncoloxía e de cirurxía plástica, así como das camas pechadas durante o verán, no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación cos datos das listas de espera na sanidade pública galega e o tipo de solución que vai procurar para reducir os tempos das listas de espera de traumatoloxía nese centro

- 18558 (10/PRE-005133)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 6 máis

Sobre os datos referidos ás medidas desenvolvidas nos últimos tres anos para apoiar o desenvolvemento da actividade emprendedora da muller no medio rural, sensibilizar e educar en igualdade desde a infancia as mulleres e os homes dese medio, así como contribuír á prevención e erradicación da violencia de xénero contra as mulleres e a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de darlle prioridade ao obxectivo de acadar a paridade en todas as institucións, asociacións, entidades e órganos de representación do rural

- 18563 (10/PRE-005134)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego e as medidas que vai adoptar en relación coa situación de colapso que se está a producir nos xulgados especiais que atenden as demandas relacionadas coas cláusulas chan, nomeadamente nos de Vigo e da Coruña, así como a súa opinión referida ás solicitudes formuladas polo xuíz decano de Vigo ao respecto

- 18566 (10/PRE-005135)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións de apertura, en horario de mañá e tarde, do Arquivo Histórico Provincial de Ourense, as razóns do anuncio publicado nas redes sociais o día 9 de outubro de 2017 en relación coas condicións para a prestación polas tardes do servizo de consulta en sala, así como as da demora na súa publicación na páxina web da Xunta de Galicia, a incidencia que vai ter esa alteración nas actividades programadas e as previsións ao respecto

- 18586 (10/PRE-005136)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre o destino e as razóns da modificación de crédito por importe de 10,7 millóns de euros levada a cabo no orzamento da Axencia Galega de Innovación para o ano 2016, así como os motivos de que non se executasen 4,8 millóns de euros dese orzamento

- 18599 (10/PRE-005137)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación na que se atopa o sector editorial en Galicia e, en concreto, a edición en lingua galega, as súas razóns para non desenvolver nos últimos dez anos a Lei do libro e da lectura de Galicia, para non aprobar o plan director do libro anunciado e para non convocar o Consello Asesor do Libro desde 2010, así como as medidas previstas para impulsar a edición en galego

- 18617 (10/PRE-005138)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as conclusións, a actividade desenvolvida e a composición da comisión de seguimento dos orzamentos do Estado anunciada polo Goberno galego en abril de 2017, a opinión do Goberno galego respecto dos resultados das previsións orzamentarias e de investimento do Goberno central para o ano 2017, así como os datos referidos á porcentaxe de investimento estatal que posúe na actualidade Galicia e a estratexia negociadora que vai seguir en relación cos vindeiros orzamentos do Estado

- 18625 (10/PRE-005139)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 3 máis

Sobre a información e as xestións realizadas polo Goberno galego diante do Goberno central, en concreto diante da Demarcación de Costas, en relación co risco que presentan para as persoas usuarias os danos detectados na calzada da vía de Santa Mariña que bordea a praia de Razo, así como na zona coñecida como Baixada da Cabreira, no concello de Carballo

- 18635 (10/PRE-005140)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre o coñecemento polo Goberno galego do malestar xerado nos colectivos de membros do Servizo de Gardacostas de Galicia en relación co decreto de funcións aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 28 de xullo de 2017, a súa opinión en relación coas melloras que introduce ese decreto e a súa valoración respecto da redacción que presenta

- 18637 (10/PRE-005141)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o grao de desenvolvemento actual do Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021, así como as contías públicas recibidas polos concellos galegos polos que pasa algún dos camiños de

Santiago, a través de subvencións, axudas ou convenios relacionados co Camiño ou cos equipamentos dotacionais referidos a el, desde o ano 2015

- 18647 (10/PRE-005142)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Sanidade para axudar a resolver o problema de desabastecemento do fármaco Trangorex en Galicia e a súa opinión ao respecto

- 18675 (10/PRE-005143)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da axilización dos prazos de convocatoria, aprobación e resolución definitiva das axudas para a prevención de incendios forestais, co fin de que os traballos se poidan levar a cabo ao remate do inverno e comezo da primavera

1.4.5. Respostas a preguntas

17936 - 18332 - 3918 (10/PRE-002377)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da mellora da situación do desemprego en Galicia en relación co ano 2009

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

4. Informacións e correccións de erros

4.1. Informacións

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 17 de outubro de 2017, polo que se modifica a relación de postos de traballo do Valedor do Pobo

A entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, supón a atribución á institución do Valedor do Pobo de novas funcións tales como a resolución de reclamacións en materia de acceso á información pública, o desenvolvemento das funcións tanto de comisionado de transparencia como as inherentes á Comisión de Transparencia en tanto órgano colexiado independente adscrito ao Valedor do Pobo.

Segundo a proposta da titular do Valedor do Pobo, logo de transcorrido ano e medio xestionando os novos órganos de transparencia, detéctase que é necesario que se divida a xefatura do Servizo de Administración e Persoal, responsable do impulso da transparencia da institución e dos expedientes de transparencia da Comisión da Transparencia e da secretaría dese órgano, ademais das

funcións establecidas no artigo 23 do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo.

O Servizo asumiría todas as tarefas relacionadas coa contratación administrativa e o seu seguimento, e o desenvolvemento das novas tecnoloxías. A este servizo, como a todo o persoal da institución, a titular do Valedor do Pobo poderá encomendarlle, cando a carga do traballo así o aconselle, o seguimento dos expedientes de queixas para a optimizar os recursos da institución. A necesidade de coñecer a contratación administrativa por parte deste servizo fai preciso que o seu titular sexa licenciado en Dereito.

Vistos a proposta xustificativa da modificación e mais os informes dos Servizos Xurídicos e da Intervención da Cámara, a Mesa do Parlamento, de conformidade co establecido no artigo 10.2 da Lei 6/1984, do 5 de xullo, do Valedor do Pobo, adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Modifícase a relación de postos de traballo do Valedor do Pobo (BOPG nº 461, do 2 de maio de 2011) nos termos seguintes:

N.º orde	Denominación	Nivel	Complemento específico	Grupo de adscrición	Corpo	Forma de provisión	Observacións
21	Xefe/a de Servizo II	28	30.098.88	A1	Superior	LD	Persoal funcionario con licenciatura ou grao en Dereito

Segundo. Este acordo producirá efectos desde o día da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE PORTOS DE GALICIA (NUM.
EXPE. 10/PL-000005).**

Emenda nº1, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 38

Débese substituír o apartado 4 do artigo, quedando coa seguinte redacción:

"4. O prazo máximo para resolver sobre a aprobación inicial dun plan especial de ordenación portuaria que estea sometido a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, unha vez evacuado o informe ambiental estratéxico conforme á normativa ambiental de aplicación, será de tres meses a contar dende a súa presentación por Portos de Galicia no rexistro do Concello.

Transcorrido este prazo sen que tivera recaído resolución expresa, poderase entender outorgada a aprobación inicial do plan."

Emenda nº2, de Adición. Disposición transitoria sexta

Débese engadir, despois de "as obras promovidas por particulares que estean suxeitas a control preventivo municipal", o seguinte inciso:

"así como as obras das administracións públicas portuarias"

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/10/2017 16:09:54

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO EN MAREA
AO PROXECTO DE LEI DE PORTOS DE GALICIA (NUM. EXPE. 10/PL-
000005).**

Emenda nº1, de Supresión. Artigo 1

Débase suprimir a verba: "construción"

Emenda nº2, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 2

Débase suprimir o punto 2.

Emenda nº3, ao apartado 4, de Adición. Artigo 3

Débase engadir no punto 4, despois da verba "industriais", a seguinte expresión:
"directamente vencelladas coas operacións que realice o porto,..."

Emenda nº4, de Substitución. Artigo 6

Débase substituír o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 6. Principios xerais de xestión e ocupación

1. A xestión dos portos da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro das competencias propias da Comunidade Autónoma, como parte fundamental do desenvolvemento socioeconómico, rexeranse polos principios de solidariedade, xestión integrada, accesibilidade e sostenibilidade.
2. A xestión dos portos da Comunidade Autónoma de Galicia asume a intermodalidade como obxectivo prioritario da súa xestión.
3. A xestión dos portos atenderá a realidade socioeconómica da contorna e da desexable rendabilidade dos activos públicos,

principalmente das rendabilidades de carácter social, atendendo ao respecto dos principios de seguridade e saúde laboral.

4. A xestión dos portos da Comunidade Autónoma de Galicia deberá garantir a preservación do medio ambiente natural.

5. O respecto dos principios de protección da cidadanía usuaria dos portos, deberá asegurar o acceso aos servizos portuarios especialmente das persoas con diversidade funcional, e o respecto aos principios de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres."

Emenda nº5, de Substitución. Artigo 8

Débase substituír o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 8 Obxecto

Corresponde á entidade pública empresarial Portos de Galicia a planificación e programación dos servizos portuarios, atendendo aos principios de sostenibilidade mediambiental, prestación de servizo público e cohesión social da Comunidade Autónoma de Galicia.

A xestión, conservación e administración dos portos contidos no anexo da presente lei.

A prestación dos servizos portuarios atendendo aos principios de equidade, progresividade na repercusión dos custes e a transparencia na xestión."

Emenda nº6, ao apartado 3, de Adición. Artigo 9

Débase engadir un punto co seguinte texto:

"3.- Aprobar os plans de emerxencia interior, plans de continxencia por contaminación mariña e os plans de protección das instalacións portuarias."

Emenda nº7, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 12

Débase substituír o texto do punto polo seguinte:

"2. A Presidencia da entidade será nomeada polo Parlamento galego (por un período máximo de catro anos), o nomeamento precisará de maioría absoluta da Cámara."

Emenda nº8, ao apartado 3.e), de Supresión. Artigo 12

Débase suprimir o apartado e) do punto 3.

Emenda nº9, ao apartado 3.f), de Supresión. Artigo 12

Débase suprimir o apartado f) do punto 3.

Emenda nº10, ao apartado 3.j), de Supresión. Artigo 12

Débase suprimir o apartado j) do punto 3.

Emenda nº11, ao apartado 3.k), de Supresión. Artigo 12

Débase suprimir o apartado k) do punto 3.

Emenda nº12, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 13

Débase substituír o texto do punto polo seguinte:

"2. Estará constituído pola presidencia e o número de vogais que se estableza regulamentariamente, deberá garantir a paridade de xénero e a presenza das organizacións sectoriais de pesca mais significativas, representantes designados polo consello galego de pesca e as centrais sindicais e organizacións empresariais mais significativas."

Emenda nº13, ao apartado 3.p), de Adición. Artigo 13

Débase engadir no punto 3 o seguinte apartado:

"p) Exercer a iniciativa na elaboración dos plans directores de infraestruturas, de obras, de instalación dos portos e das súas ampliacións, e dos plans especiais de ordenación portuaria."

Emenda nº14, ao apartado 3.q), de Adición. Artigo 13

Débase engadir no punto 3 o seguinte apartado:

"q) Formularlle e elevarlle ao Consello da Xunta, a través da consellería competente en materia de portos e a proposta da consellería competente en materia de facenda, os programas xerais plurianuais de investimentos e o seu financiamento anual cos seus, se é o caso, complementarios orzamentos de explotación e capital."

Emenda nº15, ao apartado 3.r), de Adición. Artigo 13

Débase engadir no punto 3 o seguinte apartado:

"r) Outorgar as concesións de ocupación de dominio público portuaria e as autorizacións de ocupación de dominio público portuario cando o seu prazo de vixencia sexa superior a dous anos."

Emenda nº16, ao apartado 3.s), de Adición. Artigo 13

Débase engadir no punto 3 o seguinte apartado:

"s) Outorgar as autorizacións para as prestacións de servizos e realizacións de actividades comerciais, industriais directamente vencelladas a actividade portuaria, dos portos."

Emenda nº17, ao apartado 4, de Adición. Artigo 14

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

"4.- As Xuntas territoriais contarán entre os seus membros con representantes designados polos plenos das corporacións dos concellos afectados polos problemas concretos aos que se refire o punto 1 do presente artigo."

Emenda nº18, de Substitución. Artigo 25

Débase substituír o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 25. Taxas portuarias

No prazo de seis meses, dende a entrada en vigor da presente lei, deberá aprobarse polo Parlamento galego o Anexo II desta lei, que contemple a totalidade das taxas portuarias que debe aplicar a entidade pública empresarial Portos de Galicia. As modificacións do Anexo II que se aprobe no Parlamento galego deberán ser aprobadas polo mesmo. Ata a aprobación deste novo Anexo II da presente lei, será de aplicación a Lei 6/2003 de 9 de decembro."

Emenda nº19, ao apartado d), de Substitución. Artigo 28

Débase substituír o texto do apartado polo seguinte:

"d) A fixación do réxime retributivo da Presidencia e a Dirección."

Emenda nº20, ao apartado a), de Substitución. Artigo 30

Débase substituír o texto do apartado polo seguinte:

"a) A construción de lonxas, fábricas de xeo e outras edificacións de carácter auxiliar do recinto portuario, destinadas a actividades pesqueiras, mitícolas ou marisqueiras, debéndolle solicitar previamente a Portos de Galicia informe preceptivo e vinculante a súa localización."

Emenda nº21, ao apartado b), de Substitución. Artigo 30

Débase substituír o texto do apartado b) polo seguinte:

"b) Sempre que resulte compatible cos usos portuarios que se definen nesta lei, que non se prexudique globalmente o desenvolvemento futuro dos portos e as operacións de tráfico portuario, e axustándose á normativa de costas e ao establecido no planeamento urbanístico en vigor, autorizar a realización de actividades de acuicultura extensiva, miticultura, pesca e marisqueo que teñan lugar no dominio público portuario con carácter previo ao outorgamento das concesións ou autorización para a ocupación do dito dominio. Esta autorización deberá ser informada e conforme polas confrarías que puideran ser afectadas."

Emenda nº22, ao apartado c), de Adición. Artigo 30

Débese engadir ao remate do apartado c) o seguinte texto:
", previa comunicación e aceptación por parte das confrarías de pescadores que puideran ser afectadas."

Emenda nº23, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 32

Débese suprimir ao remate do punto o seguinte texto:

", por proposta da consellaría competente en materia de portos."

Emenda nº24, ao apartado 2, de Adición. Artigo 32

Débese engadir ao remate do punto 2 un novo paragrafo co seguinte texto:

"Con carácter previo á súa aprobación, o organismo competente segundo esta norma, deberá poñer en coñecemento dos concellos afectados o plan director, para que emitan un informe vinculante no prazo de 3 meses, dende a recepción."

Emenda nº25, ao apartado c), de Adición. Artigo 33

Débese engadir ao remate do apartado c) o seguinte texto:

"Así como a proposta de medidas que aseguren a adecuada coordinación entre ambos planeamentos."

Emenda nº26, ao apartado h), de Adición. Artigo 33

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"h) Explicitar os medios económicos e financeiros necesarios para a execución do plan."

Emenda nº27, ao apartado i), de Supresión. Artigo 33

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"i) Fixación dos obxectivos prioritarios dos plans."

Emenda nº28, ao apartado j), de Adición. Artigo 33

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"j) Definición explícita dos equipamentos e servizos contemplados, programación dos elementos construtivos que inclúa o plan, adecuación medioambiental dos mesmos, establecemento de medidas técnicas esixibles, de deseño, calidade e protección medioambiental."

Emenda nº29, ao apartado 1.a), de Substitución. Artigo 35

Débese substituír a seguinte expresión:

Onde di: "dous meses" debe dicir: "tres meses"

Emenda nº30, ao apartado 1.e) bis), de Adición. Artigo 35

Débase engadir un novo apartado co seguinte texto:

"e) bis.- Previamente a súa aprobación, o Goberno remitirá o Proxecto de plan ao Parlamento galego para que o Pleno da Cámara se pronuncie sobre o el."

Emenda nº31, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 36

Débase substituír o texto do punto polo seguinte:

"2. Cando a revisión ou modificación teña carácter de substancial e relevante, o procedemento será o mesmo que se establece para a aprobación recollido no artigo 35 da presente lei."

Emenda nº32, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 37

Débase substituír o texto do punto polo seguinte:

"2. A Xunta de Galicia e os concellos deberán axustarse ao principio de recíproca coordinación nas actuacións que afecten ao modelo portuario, así como atender os deberes de información e colaboración sobre os proxectos e iniciativas que afecten aos espazos compartidos."

Emenda nº33, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 37

Débase suprimir o punto 3.

Emenda nº34, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 38

Débase suprimir no punto 4 a seguinte expresión:

"Ao transcorrer este prazo sen que recaese resolución expresa, poderase entender outorgada a aprobación inicial do plan."

Emenda nº35, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 38

Débese suprimir no punto 5 a seguinte expresión:

"Ao transcorrer este prazo sen que recaese resolución expresa, poderase entender outorgada a aprobación inicial do plan."

Emenda nº36, ao apartado 8, de Supresión. Artigo 38

Débese suprimir no punto 8 o seguinte texto:

"Transcorrido o dito prazo sen que se proceda á notificación da resolución, poderase entender aprobado definitivamente o plan, sempre que se realizase o trámite de información pública e obtivese os informes preceptivos en sentido favorable, de conformidade coa lexislación aplicable, ou, se é o caso, fosen solicitados os informes e transcorresen os prazos para emitilos."

Emenda nº37, ao apartado 9, de Substitución. Artigo 38

Débese substituír o texto do punto polo seguinte:

"9. Non se aplicará o silencio administrativo estimatorio en ningún caso."

Emenda nº38, ao apartado 9, de Adición. Artigo 39

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"9. A aprobación, modificación ou revisión dos instrumentos de ordenacións e planificación urbanística dos portos e instalación portuarias, requerirá informe do concello afectado en cada caso, sen prexuízo dos demais informes que deban ser

emitidos. Manterase sempre o criterio de especial defensa e protección da fachada marítima."

Emenda nº39, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 44

Débase substituír o texto do punto polo seguinte:

"1. A actividade portuaria, así como a ampliación ou modificación dos portos existentes, realizarase conforme aos principios de preservación dos valores culturais, patrimoniais, paisaxísticos, medioambientais e etnográficos dos espazos portuarios, adoptando as medidas adecuadas para a protección medioambiental do dominio público portuario."

Emenda nº40, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 44

Débase substituír ao remate do punto 2 a seguinte expresión:

Onde di: "e de tratamento de residuos.". debe dicir:
"e de tratamento dos residuos orixinados na actividade marítima e portuaria con carácter exclusivo."

Emenda nº41, de Substitución. Artigo 46

Débase substituír o texto do artigo polo seguinte:

"Prohíbense os verquidos ou emisións contaminantes xa sexan sólidos, líquidos ou gaseosos no dominio público portuario, procedentes de buques, de embarcacións ou de medios flotantes de calquera tipo.

Os refugallos xerados polos buques deberán descargarse á terra, debendo solicitarse para tal efecto o servizo de recepción de refugallos xerados por buques regulado nesta lei.

No caso de vertido de materiais non autorizados, a administración portuaria ordeará aos responsables a súa recollida e limpeza inmediata. No caso de incumprimento, a Administración procederá a execución subsidiaria con cargo aos reponsabeis do vertido."

Emenda nº42, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 55

Débese suprimir o punto 2.

Emenda nº43, ao apartado 6, de Adición. Artigo 55

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"6.- Quedan prohibidas as implantacións de centros comerciais, incluso cando poida existir unha demanda pola afluencia ou volume de turistas de pasaxe no porto."

Emenda nº44, de Substitución. Artigo 59

Débese substituír a seguinte expresión:

Onde di: "...por solicitude da persoa interesada...", debe dicir:
"...por solicitude das cooperativas de produtores ou confrarias con vinculación ou actividade no porto..."

Emenda nº45, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 66

Débese substituír a seguinte expresión:

Onde di: "e non poderá ser superior a cincuenta anos.", debe dicir:
"e non poderá ser superior a 30 anos."

Emenda nº46, ao apartado 2.a), de Substitución. Artigo 66

Débese substituír no apartado a) do punto, a seguinte expresión:

Onde di: "...o prazo máximo de cincuenta anos." debe dicir:
"o prazo máximo de 30 anos."

Emenda nº47, ao apartado 2.b), de Substitución. Artigo 66

Débase substituír no apartado b) do punto, a seguinte expresión:

Onde di: "...o prazo máximo de cincuenta anos." debe dicir:
"o prazo máximo de 30 anos."

Emenda nº48, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 67

Débase substituír a seguinte expresión:

Onde di: "...poderase iniciar por solicitude da persoa interesada,..." por:
"poderase iniciar por solicitude das cooperativas de produtores ou confrarias con vinculación ou actividade no porto,..."

Emenda nº49, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 94

Débase substituír a seguinte expresión:
Onde di: "...por un prazo superior a catro anos, que non poderá exceder dos cincuenta anos." por:
"por un prazo superior a catro anos, que non poderá exceder os trinta anos."

Emenda nº50, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 94

Débase substituír a seguinte expresión:

Onde di: "...dun novo porto deportivo ou dunha zona portuaria de uso náutico-deportivo." por:

".. dun novo porto deportivo ou dunha zona náutica de uso deportivo, sempre que non existan outros portos deportivos ou zonas náuticas razoablemete próximas, que poidan acoller esa demanda, de acordo co disposto no artigo 92 punto 2 de esta Lei."

Emenda nº51, ao apartado 4, de Adición. Artigo 123

Débese engadir ao remate do punto o seguinte texto:

“e evitar situacións de monopolio.”

Emenda nº52, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 133

Débese substituír o texto do punto polo seguinte:

"1. O prazo de prescrición das infraccións será de cinco anos para as moi graves, de tres anos para as graves e dous anos para as leves. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese."

Emenda nº53, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 140

Débese substituír a seguinte expresión:

Onde di: "...será de tres anos..." debe dicir:
"será de cinco anos"

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 04/10/2017 17:09:08

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE PORTOS DE
GALICIA (NUM. EXPE. 10/PL-000005).**

Emenda nº1, de Adición. Artigo 1

Logo de: "... réxime xurídico ...", débese engadir a seguinte expresión: "... e económico-financiero ..."

Emenda nº2, de Adición. Artigo 1

Na última liña, despois de: "... portuaria e o réxime ...", débese engadir: "... de infraccións e ..."

Emenda nº3, de Adición. Artigo 1

Débese engadir *in fine* a seguinte expresión: "..., e ao transporte marítimo de competencia autonómica."

Emenda nº4, ao apartado 2, de Adición. Artigo 3

No punto 2 deste artigo débese engadir *in fine* a seguinte frase: "..., ou aqueles que de acordo coa lexislación vixente poidan ser transferidos."

Emenda nº5, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 3

Débese suprimir *in fine* no punto 4 a seguinte frase: "..., segundo se estableza regulamentariamente."

Emenda nº6, ao apartado 5 bis), de Adición. Artigo 3

Débase engadir un novo punto 5 bis), que terá o seguinte contido:

"5 bis). A iniciativa para a promoción de posibles novos portos ou infraestruturas portuarias corresponde ás administracións, se ben pódese admitir a iniciativa privada condicionada á presentación de estudos de viabilidade e á súa aprobación pola Administración portuaria coa súa inclusión no Plan de portos de Galicia definido nesta lei."

Emenda nº7, de Adición. Artigo 4

Débase engadir unha nova letra f bis), que terá o seguinte contido:

"f bis) Mariña seca: espazo terrestre situado dentro dun recinto portuario e destinado ao depósito en terra de embarcacións e a ofrecer entre outros servizos de almacenamento, reparación, gardería e posta a disposición de medios mecánicos de izado e baixada de embarcacións."

Emenda nº8, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 6

No primeiro parágrafo do punto 1, onde di: " ... rendibilidade socioeconómica, ..." debe dicir: "... rendibilidade social ..."

Emenda nº9, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 6

No segundo parágrafo do punto 1 deste artigo onde di: "... promovendo este co fomento da participación ...", debe dicir: "... promovendo este ca participación ..."

Emenda nº10, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 6

No punto 2 deste artigo débese suprimir a expresión: "... normativas e/ou ..."

Emenda nº11, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 6

Débase engadir un novo punto 2 bis) que terá o seguinte contido:

"2 bis. En todo caso o acceso aos portos galegos será libre e gratuíto, agás as limitacións que se impoñan para unha correcta xestión ou explotación dos seus servizos."

Emenda nº12, ao apartado 6 bis), de Adición. Artigo 6

Débase engadir un novo artigo 6 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 6 bis. Fins da actividade administrativa portuaria.
A actividade administrativa na materia portuaria que constitúen o obxecto desta lei, ten os seguintes fins:

1. A organización do sistema portuario de Galicia.
2. A harmonización das actuacións en materia de portos coa planificación territorial e urbanística e a preservación do litoral en consonancia cos seus valores naturais, culturais, patrimoniais, paisaxísticos e medioambientais.
3. A coordinación co resto das administracións públicas e institucións en relación coas instalacións portuarias.
4. A defensa, conservación e mellora do dominio público portuario.
5. Facilitar a práctica de actividades de investigación científica e técnica e de estudo, así como a práctica de actividades culturais, docentes e deportivas mediante a provisión de infraestruturas portuarias en termos de desenvolvemento sostible.
6. A ordenación da participación da iniciativa privada na provisión de infraestruturas e equipamentos portuarios dentro do marco e dos criterios definidos pola Administración a través dos correspondentes instrumentos de planificación.
7. A organización e o funcionamento das actividades e servizos que se desenvolvan no seu ámbito de aplicación de acordo con criterios de eficacia, eficiencia e boa administración.
8. A calidade e seguridade na prestación de servizos ás persoas usuarias."

Emenda nº13, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 7

No punto 1 deste artigo, onde di: "... entidade pública empresarial ...", debe dicir: "... axencia pública autonómica ...".
Expresión que se debe cambiar en todo o texto.

Emenda nº14, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 7

No punto 1 deste artigo onde di: "... na sección 4ª do capítulo II ..." debe dicir: "... na sección 3ª do capítulo II ..."

Emenda nº15, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 7

O punto 5 deste artigo débese suprimir.

Emenda nº16, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 8

O punto 3 deste artigo débese suprimir.

Emenda nº17, ao apartado 2, de Adición. Artigo 9

No punto 2 deste artigo, na primeira liña, despois de: "... empresarial asumirá ...", débese engadir: "... de acordo coa planificación xeral aprobada pola Xunta de Galicia ..."

Emenda nº18, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 9

Débese engadir un punto 2 bis, que terá o seguinte contido:

"2 bis. Determinará mediante os instrumentos de ordenación portuaria os parámetros de protección e obxectivos de xestión que deberán incorporar as iniciativas de actuación sobre os portos deportivos e as zonas portuarias de uso náutico-deportivo, co obxecto de asegurar a xestión sustentable dos recursos, a conservación do litoral, a integración e harmonización das obras e instalacións coa paisaxe e a

compatibilidade cos sistemas xerais e demais determinacións urbanísticas."

Emenda nº19, ao apartado 2 ter), de Adición. Artigo 9

Débase engadir un novo punto 2 ter, que terá o seguinte contido:

" 2 ter. Igualmente, en coordinación co resto de institucións ou organismos administrativos competentes na materia, levará a cabo as propostas para o fomento das áreas de transporte de mercadorías con orixe/destino nas instalacións portuarias galegas."

Emenda nº20, de Supresión. Artigo 10

Débase suprimir.

Emenda nº21, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 11

Proponse unha nova redacción para o punto 2, deste artigo, que terá o seguinte contido:

"2. No conxunto dos órganos de Portos de Galicia respectarase o principio de igualdade para unha presenza equilibrada de mulleres e homes."

Emenda nº22, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 12

No punto 2, deste artigo onde di: "A Presidencia da entidade será nomeada polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa", debe dicir: "A Presidencia da entidade será a persoa ...".

Emenda nº23, ao apartado 2, de Adición. Artigo 13

No punto 2 deste artigo despois de: "... en materia de pesca ...", débense engadir as seguintes palabras: "... de industria, deportiva e turística ..."

Emenda nº24, ao apartado 2, de Adición. Artigo 13

No punto 2 deste artigo, penúltima liña, despois de: "... organizacións ...", débese engadir: "... sindicais máis representativas do sector ..."

Emenda nº25, ao apartado 3.i), de Modificación. Artigo 13

Na letra i) do punto 3 deste artigo onde di: "..., así como dos plans especiais ...", debe dicir: "... así como informar previamente sobre os plans especiais ..."

Emenda nº26, ao apartado 6, de Supresión. Artigo 13

Débese suprimir o punto 6, deste artigo.

Emenda nº27, ao apartado 6 bis), de Adición. Artigo 13

Débese engadir un novo punto 6 bis, que terá o seguinte contido:

"6 bis. As reunións ordinarias do Consello Reitor terán unha periodicidade trimestral e a asistencia non será remunerada para ningún dos seus membros, agás as dietas que poidan ser establecidas por desprazamento."

Emenda nº28, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 14

Proponse una nova redacción para o punto 1 deste artigo, que quedará redactado co seguinte contido:

"1. Para o estudo dos problemas concretos que afectan o porto ou grupo de portos de características comúns e dun mesmo

ámbito territorial, designaranse xuntas territoriais, integradas por membros do Consello Reitor, que actuarán con funcións consultivas e informativas. En todo caso haberá representación do concello ou concellos afectados."

Emenda nº29, ao apartado 2, de Adición. Artigo 14

No punto 2 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... dentro das persoas designadas ao efecto por cada unha das administracións ou entidades."

Emenda nº30, ao apartado 3, de Adición. Artigo 14

No punto 3 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "..., logo do informe previo ao respecto das diversas administracións e entidades e de acordo ao deseño realizado na planificación xeral aprobada."

Emenda nº31, ao apartado 3.d), de Adición. Artigo 15

Na letra d) do punto 3, deste artigo, despois de: "...lle sexan delegadas ...", débese engadir o seguinte: "... pola Presidencia ..."

Emenda nº32, ao apartado 3.e), de Supresión. Artigo 15

A letra e) do punto 3 deste artigo, débese suprimir.

Emenda nº33, de Adición. Artigo 15

Débese engadir un novo artigo 15 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 15 bis. Consello Asesor

Constituirase un Consello Asesor da entidade Portos de Galicia, como órgano de cooperación na consecución dos obxectivos que lle son propios, que estará integrado pola súa Presidencia e a súa Dirección e coa participación de representantes dos concellos, das confrarías de pescadores, dos sindicatos e das organizacións empresarias máis representativas, das asociacións de portos deportivos e clubs náutico-deportivos.

Serán funcións do Consello Asesor:

- Informar sobre o Anteproxecto de orzamentos de explotación e de capital de Portos de Galicia.
- Propoñer e informar, no seu caso, ao Consello Reitor das normas relativas aos servizos portuarios.
- Informar sobre os programas de actuación, de investimento e de financiamento de Portos de Galicia.
- Informar sobre o balance e a memoria anual de Portos de Galicia.
- Informar sobre as tarifas e canons que se aplicarán por Portos de Galicia.
- Informar sobre a constitución de posibles entidades colaborativas.
- Informar sobre as operacións de crédito concertadas pola entidade.
- Informar sobre os anteproxectos da normativa que afecte a Portos de Galicia.
- Informar sobre o Plan sectorial de Portos de Galicia, así como das súas modificacións substantivas
- Asesorar en todas as cuestións relacionadas coas actividades de Portos de Galicia e emitir informe sobre calquera asunto que lle sexa consultado no ámbito das súas competencias.
- Propoñer e informar, no seu caso, con carácter previo á súa adopción, das tarifas dos servizos portuarios
- Informar sobre cantas outras cuestións lle someta a Presidencia de Portos de Galicia."

Emenda nº34, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 16

No punto 2 deste artigo, débese suprimir dende: "... cando teñan por destinatario ...", ata: "... réxime xurídico do sector público. ..."

Emenda nº35, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 20

Débase engadir un novo punto 2 bis, que terá o seguinte contido:

"2 bis. Portos de Galicia realizará anualmente un informe que será sometido ao Consello Reitor e farase público, ao respecto dos contratos realizados no ano anterior indicando as súas principais características."

Emenda nº36, ao apartado 3.h), de Adición. Artigo 22

Na letra h) do punto 3, deste artigo, logo de: "... porcentaxe dos beneficios ...", débese engadir: "... que será establecida pola Xunta de Galicia a proposta da Axencia Pública Portos de Galicia ..."

Emenda nº37, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 24

O punto 2, deste artigo débese suprimir.

Emenda nº38, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 24

No punto 3, deste artigo débese suprimir na última liña a seguinte expresión: "... de alta dirección institucional da entidade."

Emenda nº39, ao apartado 5 bis), de Adición. Artigo 24

Débase engadir un novo punto 5 bis, que terá o seguinte contido:

"5 bis. Trimestralmente a Axencia Pública Portos de Galicia publicará a súa execución orzamentaria e os seus estadios económico-financeiros na súa páxina web."

Emenda nº40, de Adición. Artigo 25

Débase engadir *in fine* un novo parágrafo bis, que terá o seguinte contido:

"Admítese a posibilidade, logo dos trámites legais oportunos, de bonificacións nas taxas portuarias co obxecto de promover a competitividade e sostibilidade económica ou ambiental da actividade portuaria e do sistema de transporte."

Emenda nº41, de Adición. Artigo 25

Débase engadir *in fine* un novo parágrafo ter, que terá o seguinte contido:

"Prevía solicitude de exención a Portos de Galicia, estarán exentos do pago de taxas os órganos ou entidades das administracións públicas, as organizacións de carácter humanitario sen fins lucrativos e legalmente constituídas, e as que sexan de interese educativo, investigador, cultural, social ou deportivo."

Emenda nº42, de Adición. Artigo 27

Débase engadir un novo punto 5 bis, que terá o seguinte contido:

"5 bis. O persoal estará sometido ao Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comundiade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, así como calquera outra normativa aplicable en materia de igualdade de xénero, sen prexuízo dos preceptos da lexislación sobre función pública que sexan directamente aplicables ao persoal laboral ao servizo das administracións públicas."

Emenda nº43, de Adición. Artigo 28

Na letra b) deste artigo, despois de: "Aprobar ...", débese engadir a seguinte expresión: "... o Plan sectorial de Portos de Galicia, así como ..."

Emenda nº44, ao apartado 31 bis), de Adición. CAPÍTULO I

Neste capítulo, título II, débese crear un novo artigo 31 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 31 bis. Plan sectorial de Portos de Galicia

1.- A ordenación estrutural do sistema portuario realizarase mediante o Plan sectorial de Portos de Galicia que constitúe o instrumento principal da política sectorial, e deberá conter as previsións, obxectivos, prioridades, criterios de definición do modelo da oferta de equipamentos e servizos ao sector portuario, así como os criterios medio-ambientais, territoriais e urbanísticos e para a ordenación das distintas instalacións e obras portuarias.

2.- O Plan sectorial de Portos de Galicia terá a consideración de Plan sectorial dos contemplados na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e tramitarase de acordo co procedemento de aprobación regulado nela e simultaneamente co procedemento de avaliación ambiental de plans e programas.

3.- Previamente á súa aprobación, a Xunta de Galicia remitirá o proxecto de Plan sectorial de Portos de Galicia ao Parlamento de Galicia para que o Pleno da Cámara se pronuncie sobre del.

4.- A elaboración e aprobación do Plan sectorial de Portos de Galicia estará suxeita á avaliación ambiental nos termos previstos na lexislación sectorial ambiental e levará aparellada a declaración de utilidade pública."

Emenda nº45, ao apartado 31 ter), de Adición. CAPÍTULO I

Neste capítulo, Título II, deberase crear un novo artigo 31 ter, que terá o seguinte contido:

"Artigo 31 ter.

O Plan sectorial de Portos de Galicia conterá como mínimo as seguintes determinacións:

- Fixación dos obxectivos e establecemento de prioridades entre eles.
 - Definición dos criterios aplicables ao modelo de oferta de equipamentos e servizos ao sector portuario, así como á programación, proxecto e construción dos elementos que compoñen o sistema portuario, adecuación ao medio ambiente, establecemento de niveis de esixencias técnicas, de deseño e de calidade dos proxectos, proporcionalidade dos investimentos durante a vixencia do Plan, e calquera outro que se estableza.
 - Descrición e análises dos portos en relación ca oferta de instalacións portuarias, co sistema portuario, co modelo territorial e coas principais variables socio-económicas.
 - Análises das relacións entre a planificación portuaria e o planeamento territorial e urbanístico, así como a proposta de medidas que aseguren a coordinación entre ambos planeamentos.
 - Xustificación das alternativas escollidas entre as distintas opcións consideradas, tendo en conta a súa idoneidade dende o punto de vista sectorial e a súa incidencia sobre a estrutura territorial e o medio ambiente.
 - Cumprimento das esixencias en materia de medio ambiente, na planificación, concepción e execución temporalizada das obras incluídas no Plan.
 - Determinación dos medios económicos necesarios para o desenvolvemento e execución do Plan.
 - Criterios sobre a viabilidade económico-financeira da xestión dos portos.
 - Requisitos que terán de cumprir as instalacións portuarias para conseguir un emprazamento óptimo.
 - O estudo das características do litoral galego en relación coas análises e co nivel indicativo de demanda de embarcacións e puntos de amarre, a previsión da súa evolución.
 - Definición dos criterios para a revisión do Plan."
-

Emenda nº46, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 32

Na primeira liña, do punto 1, deste artigo, onde di: "... poderá formular ...", debe dicir: "... formulará ..."

Emenda nº47, ao apartado 2, de Adición. Artigo 32

No punto 2 deste artigo débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... . A estes efectos entenderanse como obras menores aquelas de sinxela técnica e escasa entidade construtiva e económica, que non supoñan alteración do volume, do uso obxectivo, das instalacións e servizos de uso común, nin afecten ao deseño exterior, á cimentación, á estrutura ou ás condicións de seguridade dos edificios e instalacións portuarias."

Emenda nº48, ao apartado 3, de Adición. Artigo 32

No punto 3 deste artigo débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... e de acordo co procedemento establecido no artigo 51."

Emenda nº49, de Adición. Artigo 32

Débese crear un novo artigo 32 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 32 bis. Intermodalidade e áreas loxísticas

Nos procesos de planificación a realizar para o sistema portuario de Galicia, deberanse contemplar medidas para acadar unha eficiente intermodalidade co obxecto de alcanzar a eficiencia entre os modos e cadeas de transporte, así como a conexión ou creación de áreas loxísticas, para facilitar a incorporación de valor engadido aos procesos produtivos."

Emenda nº50, de Adición. Artigo 33

Neste artigo débese engadir *in fine* un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

"Portos de Galicia establecerá as condicións para que estes plans obedezan a un deseño harmonizado e similar"

Emenda nº51, ao apartado c), de Adición. Artigo 34

Na letra c) deste artigo deberase engadir *in fine* o seguinte texto: "... e o establecemento das súas previsións en contías concretas para anualidades futuras."

Emenda nº52, ao apartado d), de Adición. Artigo 34

Na letra d) deste artigo débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... estableceranse as súas previsións en contías concretas para anualidades futuras."

Emenda nº53, ao apartado 1.a), de Adición. Artigo 35

Na letra a), punto 1, deste artigo, na segunda liña, despois de: "... sometido ...", débese engadir a seguinte palabra: "... previamente ..."

Emenda nº54, de Adición. Artigo 35

Na letra a) do punto 1 deste artigo despois de: "... informe de forma expresa. ...". débese engadir a seguinte expresión: "... por parte das consellarías. ..."

Emenda nº55, ao apartado 1.a), de Supresión. Artigo 35

Nal letra a) do punto 1, deste artigo, débese suprimir *in fine* a seguinte frase: "... sen que contra a súa decisión caiba ningún recurso."

Emenda nº56, ao apartado 1.a), de Adición. Artigo 35

Na letra a), do punto 1, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... . No caso de existir un informe negativo ou constatarse un conflito entre Portos de Galicia e os concellos, estes deberán ser resoltos por acordo entre as partes no prazo de dous meses. No caso de persistir as discrepancias darase traslado

ao Consello Asesor da entidade Portos de Galicia, que realizará unha proposta ao Consello da Xunta de Galicia, que poderá resolver. Tal acordo poderá ser en todo caso obxecto do recurso correspondente."

Emenda nº57, ao apartado 1.c), de Adición. Artigo 35

Na letra c), do punto 1, deste artigo despois de: "... , por igual prazo, ...", débense engadir as seguintes palabras: "... de dous meses, ..."

Emenda nº58, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 35

Débese engadir un novo punto 2 bis, que terá o seguinte contido:

"2 bis. Os plans directores de infraestruturas axustaranse e deberán estar acordes co establecido ao respecto no Plan de Portos."

Emenda nº59, ao apartado 2, de Adición. Artigo 36

No primeiro parágrafo do punto 2, deste artigo, despois de: "... oído ...", débese engadir a seguinte palabra: "... previamente ..."

Emenda nº60, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 36

No segundo parágrafo do punto 2 deste artigo, onde di: "... a un trinta por cento ...", debe dicir: "... a un quince por cento ...",

Emenda nº61, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 37

Na segunda liña do punto 1, deste artigo, onde di: "... deberán cualificar ...", debe dicir: "... recollerán a cualificación da ..."

Emenda nº62, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 37

No punto 1, deste artigo, onde di: "... e non poderán incluír determinacións que supoñan unha interferencia ou perturbación no exercicio das competencias de explotación portuaria ... ", debe dicir: "... e serán obxecto de tratamento específico no caso de propoñer modificacións que poidan influír na explotación portuaria."

Emenda nº63, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 37

O punto 2 deste artigo débese suprimir.

Emenda nº64, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 37

No punto 3, deste artigo, onde di: "... que o porto constitúe unha unidade ...", debe dicir: "... que o porto ou instalación marítima pode constituír ..."

Emenda nº65, de Supresión. Artigo 38

No punto 1 deste artigo, débese suprimir *in fine*, a seguinte expresión: "... coas particularidades que se sinalan nos seguintes puntos."

Emenda nº66, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 38

Débese engadir un novo punto 1 bis, que terá o seguinte contido:

"1 bis. Nos plans especiais de ordenación dos portos e instalacións portuarias establecerase a delimitación das áreas e usos portuarios delimitando os espazos de terra e de auga necesarios para o desenvolvemento dos usos portuarios, oo espazos de reserva que garantan a posibilidade de desenvolvemento da actividade portuaria, e aqueles que se poidan destinar a usos vinculados á interacción porto-cidade,

ca súa estrutura básica, e coa xustificación da súa necesidade ou conveniencia."

Emenda nº67, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 38

O punto 2 deste artigo débese suprimir.

Emenda nº68, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 38

O Punto 3 deste artigo, débese suprimir.

Emenda nº69, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 38

O punto 4 deste artigo, débese suprimir.

Emenda nº70, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 38

O punto 5, deste artigo, débese suprimir.

Emenda nº71, ao apartado 6, de Supresión. Artigo 38

O Punto 6 deste artigo, débese suprimir.

Emenda nº72, ao apartado 7, de Supresión. Artigo 38

O punto 7, deste artigo, débese suprimir.

Emenda nº73, ao apartado 8, de Supresión. Artigo 38

O punto 8 deste artigo débese suprimir.

Emenda nº74, ao apartado 7, de Supresión. Artigo 38

No caso de non aceptaren a emenda de supresión do punto 7, débese suprimir a expresión: "... con carácter vinculante ..."

Emenda nº75, ao apartado 9, de Supresión. Artigo 38

O punto 9 deste artigo débese suprimir.

Emenda nº76, ao apartado 11, de Adición. Artigo 38

No punto 11, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... . Neste sentido Portos de Galicia establecerá un programa anual de actuacións co obxecto de levar a cabo, en coordinación cos concellos, as obras pendentes para acadar estas conexións e obras nos entornos portuarios."

Emenda nº77, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 39

Proponse un novo texto para o punto 1 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"1. Para articular a necesaria coordinación entre as administracións con competencia concurrente sobre o espazo portuario, os plans xerais e demais instrumentos de ordenación urbanística deberán incluír entre as súas previsións as necesarias para contemplar a planificación portuaria."

Emenda nº78, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 39

O punto 2 deste artigo débese suprimir.

Emenda nº79, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 39

O punto 3 deste artigo débese suprimir.

Emenda nº80, ao apartado 5 , de Supresión. Artigo 39

O punto 5 deste artigo débese suprimir.

Emenda nº81, ao apartado 8, de Modificación. Artigo 39

No punto 8 deste artigo, onde di: "... no prazo de tres meses,...", debe dicir: "... no prazo de dous meses, ..."

Emenda nº82, ao apartado 8, de Modificación. Artigo 39

No punto 8 deste artigo, liña catro, onde di: "... vinculante ...", debe dicir: "... determinante ..."

Emenda nº83, ao apartado 6, de Supresión. Artigo 40

O punto 6, deste artigo, debe ser suprimido.

Emenda nº84, ao apartado 7, de Supresión. Artigo 40

O punto 7, deste artigo, debe ser suprimido.

Emenda nº85, ao apartado 8, de Supresión. Artigo 40

O punto 8, deste artigo, debe ser suprimido.

Emenda nº86, ao apartado 9, de Supresión. Artigo 40

O punto 9, deste artigo, debe ser suprimido.

Emenda nº87, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 41

No punto 1, deste artigo, onde di: "... de estar o proxecto integrado neste.", debe dicir: "... debendo estar o proxecto integrado neste."

Emenda nº88, ao apartado 5, de Adición. Artigo 41

No punto 5, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... de estar contemplado no correspondente instrumento de ordenación urbanística municipal. De non ser así, estarase ao disposto na lexislación urbanística para proceder á súa modificación."

Emenda nº89, ao apartado 6, de Supresión. Artigo 41

O punto 6, deste artigo, debe ser suprimido.

Emenda nº90, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 42

No punto 1, deste artigo, onde di: "... dos bens e dos dereitos que non forman parte ...", debe dicir: "... incluídos os bens e os dereitos que non formen parte ..."

Emenda nº91, de Supresión. Artigo 42

O punto 2, deste artigo, debe ser suprimido.

Emenda nº92, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 43

No punto 1, deste artigo, o texto: "..., non poderán ser autorizadas polas administracións públicas competentes sen que se solicite ...", debe ser substituído pola palabra: "... requirirán ..."

Emenda nº93, ao apartado 2, de Adición. Artigo 43

No punto 2, deste artigo, despois de: "... actividades portuarias ...", débese engadir a seguinte frase: "... que afecten á zona de servizo dos portos ..."

Emenda nº94, ao apartado 4, de Adición. Artigo 43

No punto 4, deste artigo, logo da expresión: "... apreciada por Portos de Galicia ...". débese engadir: "... ou polos concellos afectados .."

Emenda nº95, ao apartado 4, de Adición. Artigo 43

No punto 4, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... Con tal finalidade e no caso de non existiren eses accesos sendo estes necesarios ou convenientes, Portos de Galicia establecerá unha liña de axuda para poder abordar tales cuestións."

Emenda nº96, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 44

Débese engadir un novo punto 2 bis, que terá o seguinte contido:

"2 bis. Portos de Galicia realizará dentro de cada plan,un estudo interior específico en materia medio ambiental para cada porto e instalación portuaria de Galicia, no que se recollerán as medidas para a prevención e a loita contra a contaminación ambiental mariña, terrestre, atmosférica ou accidental, e ao que se lle deberá dotar de medios materiais suficientes. Os ditos plans serán coordinados co departamento da Administración autonómica competente en materia de medio ambiente, que procederá, de acordo coa normativa vixente, á súa valoración."

Emenda nº97, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 45

No segundo parágrafo do punto 2, deste artigo, débese suprimir a expresión: "..., cando o exixa a normativa de aplicación, ..."

Emenda nº98, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 48

No punto 1, deste artigo, débese suprimir a seguinte frase: "... incluídos os que se refiran á protección ante actos antisociais e terroristas ..."

Emenda nº99, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 48

No segundo parágrafo do punto 2, deste artigo, débese suprimir a seguinte expresión: "... na medida e dentro do ámbito ao que estea obrigado ..."

Emenda nº100, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 51

No punto 3, deste artigo, débese suprimir o seguinte texto: "... . A delimitación dos espazos e dos usos portuarios poderá ser aprobada para un só porto ou para un conxunto de portos, aínda que estean localizados en diferentes termos municipais, cando razóns xeográficas, económicas, técnicas ou organizativas así o aconsellen a criterio de Portos de Galicia."

Emenda nº101, ao apartado 6, de Modificación. Artigo 51

No punto 6, deste artigo, a expresión: "... Portos de Galicia ...", debe ser substituída por: "... a consellaría competente en materia de portos para a súa aprobación que ..."

Emenda nº102, ao apartado 7, de Modificación. Artigo 51

No punto 7, deste artigo, onde di: "... por portos de Galicia á consellaría competente en materia de portos para a súa aprobación ...", debe dicir: "... pola consellaría competente en materia de portos ao Consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación por decreto. ..."

Emenda nº103, ao apartado 7, de Adición. Artigo 51

No punto 7, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... . Tal información aparecerá actualizada na páxina *web* correspondente á información relativa aos portos competencia da Comunidade Autónoma de Galicia."

Emenda nº104, ao apartado 8 bis), de Adición. Artigo 51

Débese crear un novo punto 8 bis, que terá o seguinte contido:

"8 bis. As modificacións da Delimitación dos espazos e dos usos Portuarios someteranse ao mesmo procedemento de aprobación que se determinan nos puntos anteriores deste artigo."

Emenda nº105, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 52

No punto 2, deste artigo, onde di: "... superior ao quince por cento ...", debe dicir: "... superior ao dez por cento ..."

Emenda nº106, ao apartado 2.e), de Adición. Artigo 54

Na letra e), punto 2, deste artigo, débese crear unha nova letra e) bis, que terá o seguinte contido:

"e) bis. Usos necesarios para levar a cabo o transporte de persoas usuarias de transporte marítimo competencia da Comunidade Autónoma."

Emenda nº107, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 55

O punto 2, deste artigo, debe ser suprimido.

Emenda nº108, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 56

No punto 1, deste artigo, débese suprimir a palabra: "... estatal ..."

Emenda nº109, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 56

O segundo parágrafo do punto 5, deste artigo, debe ser suprimido.

Emenda nº110, ao apartado 3, de Adición. Artigo 56

No punto 3, deste artigo, logo da expresión: "... de control e de policía ..." débese engadir a seguinte palabra: "...portuaria ..."
Esta emenda debe ser aplicada en todo o texto.

Emenda nº111, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 56

No punto 5, deste artigo, débese suprimir o seguinte texto: "... para o que deberá subscribir o correspondente convenio, no que se establecerán as condicións da utilización e incluírán as taxas que, se é o caso, procedan e os custos que debe asumir aquel."

Emenda nº112, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 56

No punto 5, deste artigo, na segunda liña, onde di: "... dependente dela ...", debe dicir: "... dependente da administración ..."

Emenda nº113, de Supresión. Artigo 57

Na primeira liña deste artigo, débese suprimir a expresión: "... entidade pública empresarial ..."

Emenda nº114, de Modificación. Artigo 59

Onde di: "... convocatoria do procedemento ...", debe dicir: "... convocatoria do concurso ..."

Emenda nº115, ao apartado 2, de Adición. Artigo 61

No punto 2, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... En todo caso solicitarase informe do concello ou concellos nos que se pretenda realizar a actividade."

Emenda nº116, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 61

No punto 3, deste artigo, débese suprimir a expresión: " ... con carácter discrecional, e ..."

Emenda nº117, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 61

No punto 4, deste artigo, débese suprimir o seguinte texto: "... Transcorrido este sen que se ditase e notificase resolución expresa, a correspondente solicitude entenderase desestimada."

Emenda nº118, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 62

Proponse unha nova redacción para o punto 1, deste artigo, que terá o seguinte contido:

"1. O outorgamento de autorizacións de ocupación do dominio público portuario farase por Portos de Galicia mediante convocatoria de concurso."

Emenda nº119, ao apartado 5, de Adición. Artigo 62

No punto 5, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... No caso de non outorgamento por incumprimento dos requisitos ou informe desfavorable dos servizos técnicos competentes, procederase a resolver de acordo á seguinte oferta con maior puntuación no concurso."

Emenda nº120, de Supresión. Artigo 63

Na primeira liña deste artigo, débese suprimir a expresión: "... , polo menos, ..."

Emenda nº121, ao apartado 1, de Adición. Artigo 65

Débese engadir un novo punto 1 bis, que terá o seguinte contido:

"1 bis. En todo caso deberase atender ao establecido na Directiva 2014/23/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, relativa á adxudicación de contratos de concesións."

Emenda nº122, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 66

Débese engadir un novo punto 1 bis, que terá o seguinte contido:

"1 bis. Portos de Galicia poderá, en función de circunstancias excepcionais ou especiais debidamente xustificadas polo seu volume de investimento efectivo, e de acordo á normativa europea e estatal nesta materia, solicitar ao Consello da Xunta de Galicia, a ampliación do prazo concesional establecido no punto 1 deste artigo, ata un máximo de 50 anos."

Emenda nº123, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 66

No punto 1, deste artigo, onde di: "... superior a 50 anos ...", debe dicir: "..., superior, con carácter xeral, a trinta a trinta anos. ..."

Emenda nº124, ao apartado 2.c), de Modificación. Artigo 67

No punto 2, deste artigo, onde di: "... inferior a 2.500 metros ...", debe dicir: "... inferior a 1.000 metros cadrados ..."

Emenda nº125, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 69

No terceiro parágrafo do punto 2, deste artigo, onde di: "... decidirá se opta por convocar un concurso ou por seguir a tramitación das distintas solicitudes en competencia de conformidade co procedemento rpevisto neste artigo e ata que remate a instrución. ..." debe dicir: "... deberá levar a cabo a convocatoria dun concurso público"

Emenda nº126, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 69

O segundo parágrafo do punto 3, deste artigo, debe ser suprimido.

Emenda nº127, ao apartado 7, de Supresión. Artigo 69

O punto 7, deste artigo, debe ser suprimido.

Emenda nº128, ao apartado 8, de Modificación. Artigo 69

No terceiro parágrafo do punto 8 deste artigo, débese substituír a palabra: "... discrecionalmente ..." pola seguinte expresión: "... en función dos informes emitidos ..."

Emenda nº129, ao apartado 11, de Supresión. Artigo 69

O punto 11 deste artigo, debe ser suprimido.

Emenda nº130, ao apartado 13, de Adición. Artigo 69

No punto 13, deste artigo, na penúltima liña, logo de: "..., ao prazo, ...", débese engadir a seguinte expresión: "..., ao investimento a realizar, ..."

Emenda nº131, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 70

No punto 1, deste artigo, o texto: "Portos de Galicia poderá convocar concursos para o outorgamento de concesións no dominio público portuario. ..." Débese substituír polo seguinte: "Portos de Galicia convocará concursos para o outorgamento de concesións no dominio público portuario. Poderá excepcionalmente proceder ao outorgamento cando sexa por presentación única de solicitude, de acordo co establecido na tramitación do art. 69 desta lei. ..."

Emenda nº132, ao apartado 8, de Adición. Artigo 70

No punto 8 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... . No caso de que exista máis dun licitador, e que cumpran as condicións establecidas, a concesión outorgarase á oferta que resulte máis favorable entre as restantes."

Emenda nº133, ao apartado 2.b), de Adición. Artigo 72

Na letra b) do punto 2 deste artigo, débese engadir *in fine* a seguinte expresión: " ... ou superior aos 1.000 metros cadrados."

Emenda nº134, ao apartado 2.c), de Modificación. Artigo 72

Na letra c) do punto 2, deste artigo, onde di: "... quince por cento sobre o proxecto autorizado.", debe dicir: "... dez por cento sobre o proxecto autorizado, e sempre que tal ampliación fose posible en cumprimento da planificación aprobada."

Emenda nº135, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 75

No punto 1, deste artigo, terceira liña, débese suprimir a palabra: "... outro ..."

Emenda nº136, ao apartado 1, de Adición. Artigo 95

Débese engadir un novo punto 1 bis, que terá o seguinte contido:

"1 bis. O outorgamento ou denegación das concesións debe resultar conforme ao respecto da lexislación urbanística e municipal no que se localiza."

Emenda nº137, de Adición. Artigo 96

Na letra c) deste artigo, na primeira liña, despois de: "... e as instalacións ...", débese engadir a seguinte expresión: "... e accesos terrestres ..."

Emenda nº138, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 102

No punto 1, deste artigo, onde di: "... efectuarse tendo en conta a orde cronolóxica das presentacións ...", debe dicir: "... efectuarse sobre a base de criterios obxectivos e publicados con anterioridade e tendo en conta a orde cronolóxica das presentacións ..."

Emenda nº139, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 103

No punto 5, deste artigo, onde di: "... será de tres meses, ...", debe dicir: "... será de corenta e cinco días ..."

Emenda nº140, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 105

No punto 4, deste artigo, na última liña, onde di: "... superior a catro anos.", debe dicir: "... superior a dous anos prorrogable, no seu caso, por un ano máis."

Emenda nº141, ao apartado 1, de Adición. Artigo 111

No punto 1, deste artigo, débese engadir *in fine* a seguinte expresión: "... e respecto ao medio ambiente."

Emenda nº142, ao apartado 2.c), de Adición. Artigo 112

Na letra c) deste artigo, na primeira liña, despois da palabra: "... policía ..." débese engadir: "... portuaria ..."
Esta emenda débese aplicar a todo o texto.

Emenda nº143, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 119

Débese suprimir a letra h) no punto 1 deste artigo.

Emenda nº144, de Modificación. Artigo 120

Proponse unha nova redacción para o segundo parágrafo do punto 1, deste artigo, que terá o seguinte contido:

"Cando para a prestación do servizo se prevexa un investimento significativo en equipos e material móbil, o prazo máximo será dun máximo de 30 anos e estarase ao establecido no artigo 66 desta lei."

Emenda nº145, ao apartado 1.a), de Modificación. Artigo 143

Na letra a), do punto 1, deste artigo, onde di: "... 10.000 euros."
, debe dicir: "... 30.000 euros."

Emenda nº146, ao apartado 1.b), de Adición. Artigo 143

Na letra b) do punto 1, deste artigo, débese engadir *in fine* a seguinte expresión: "... e nos casos de infraccións graves."

Emenda nº147, ao apartado 1.c), de Supresión. Artigo 143

A letra c) do punto 1, débese suprimir.

Emenda nº148, ao apartado 2, de Adición. Artigo 143

No punto 2, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... anualmente a través dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia."

Emenda nº149, de Supresión. Disposición adicional primeira

Debe ser suprimida.

Emenda nº150, ao apartado 2 bis), de Adición. Disposición adicional primeira

No caso de non aceptaren a emenda anterior, débese engadir un novo punto 2 bis, que terá o seguinte contido:

"2 bis. En todo caso tales empresas, como entidades públicas instrumentais, deberanse crear de acordo co regulado no artigo 54.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia."

Emenda nº151, de Supresión. Disposición adicional segunda

Débese suprimir o seguinte texto: "... que polas características dos seus tráficos ou pola súa proximidade xeográfica, determine a consellaría competente en materia de portos."

Emenda nº152, de Adición. Disposición adicional terceira

Na primeira liña desta disposición, despois da palabra: "... elaborará ...", débese engadir o seguinte: "... no prazo máximo dun ano ..."

Emenda nº153, de Adición. Disposición adicional sexta

Débese engadir *in fine* a seguinte expresión: "..., e terá carácter público."

Emenda nº154, ao apartado 4, de Supresión. Disposición transitoria primeira

O punto 4, desta disposición, debe ser suprimido.

Emenda nº155, ao apartado 6, de Adición. Disposición transitoria primeira

No primeiro parágrafo do punto 6, desta disposición, débese engadir *in fine* o seguinte texto: " ... que se deberá realizar por Portos de Galicia, logo dos tramites normativos oportunos, no prazo máximo dun ano."

Emenda nº156, de Supresión. Disposición transitoria segunda

Debe ser suprimida.

Emenda nº157, ao apartado 2, de Modificación. Disposición transitoria segunda

No caso de non aceptaren a emenda de supresión desta disposición, no punto 2, primeiro parágrafo, onde di: "... será do cinco por cento ...", debe dicir: "... será do vinte por cento ..."

Emenda nº158, ao apartado 3, de Modificación. Disposición transitoria segunda

No caso de non aceptaren a emenda de supresión desta disposición, proponse unha modificación no terceiro parágrafo, do punto 3, onde di: "... no prazo equivalente á metade do prazo ...", debe dicir: "... no prazo equivalente á terceira parte do prazo ..."

Emenda nº159, ao apartado 4, de Modificación. Disposición transitoria segunda

No caso de non aceptaren a emenda de supresión desta disposición, proponse unha modificación do punto 4, onde di: "... dous anos ...", debe dicir: "... un ano ..."

Emenda nº160, ao apartado 6, de Modificación. Disposición transitoria segunda

No caso de non aceptaren a emenda de supresión desta disposición, proponse unha modificación no punto 6, onde di: "... no prazo dun ano ...", debe dicir: "... no prazo de seis meses ..."

Emenda nº161, de Adición. Disposición transitoria cuarta

Débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... . A tales efectos Portos de Galicia publicará a través da súa páxina web, tales delimitacións para coñecemento xeral."

Emenda nº162, de Adición. Disposición transitoria quinta

No punto 1, desta disposición, despois de: "... á súa primeira modificación, ...", débese engadir a seguinte expresión: "... ou no prazo máximo de dous anos ..."

Emenda nº163, de Adición. Disposición transitoria quinta

No punto 3 desta disposición, segunda liña, logo das palabras: "... a súa vixencia ...", débese engadir: "... , se ben cando se proceda á súa primeira modificación no prazo máximo de dous anos deberanse adaptar ao disposto nesta lei."

Emenda nº164, de Supresión. Disposición transitoria sexta

Debe ser suprimida.

Emenda nº165, de Modificación. Disposición transitoria sexta

No caso de non se aceptar a emenda de supresión a esta disposición, proponse a seguinte modificación na segunda liña. Onde di: "... promovidas por particulares que estean suxeitas a control preventivo municipal axustaranse, ...", debe dicir: "... promovidas no seu ámbito axustaranse, ..."

Emenda nº166, de Adición. Disposición transitoria sétima

Débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... . O dito regulamento aprobarase no prazo máximo dun ano dende a aprobación desta lei."

Emenda nº167, de Adición. Disposición transitoria sétima

Débese engadir unha nova disposición transitoria sétima bis, que terá o seguinte contido:

"Disposición transitoria sétima bis.

A Xunta de Galicia aprobará no prazo máximo dun ano, logo do informe ao respecto de Portos de Galicia, un catálogo de espazos susceptibles de servir para usos urbanos, que se fará chegar a cada concello afectado."

Emenda nº168, de Adición. Disposición derradeira primeira

Débase engadir *in fine* o seguinte texto:

"... En todo caso antes do prazo máximo dun ano dende a entrada en vigor desta lei, o Consello da Xunta de Galicia deberá aprobar o Regulamento de desenvolvemento coas normas de réxime interior de Portos de Galicia."

Emenda nº169, de Adición. Disposición derradeira primeira

Débase engadir unha nova disposición derradeira primeira bis, que terá o seguinte contido:

"Disposición derradeira primeira bis. Autorización para refundir textos.

No prazo máximo dun ano dende a entrada en vigor desta lei, o Consello da Xunta de Galicia, a proposta das persoas titulares das consellarías con competencias nas materias de portos e facenda, logo dos trámites oportunos e de acordo co Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobará o correspondente Decreto legislativo de Portos de Galicia, que refunda esta lei para incluír as taxas con incidencia portuaria recollidas na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Emenda nº170, de Modificación. Disposición derradeira segunda

Onde di: "... seis meses ...", debe dicir: "... dous meses ..."

Emenda nº171, ao apartado III, de Adición. Exposición de motivos

No epígrafe III da exposición de motivos, parágrafo dezanove ,que empeza por: "A crecente demanda das persoas usuarias ..." débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... . Aínda que tal formulación xa viña recollida en gran medida no Decreto 130/2013, do 1 de agosto, polo que se regula a explotación dos portos deportivos e das zonas portuarias de uso náutico-deportivo de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia."

Emenda nº172, ao apartado III, de Adición. Exposición de motivos

No epígrafe III, parágrafo vinte e seis, que comeza por: "O título VI, "Regulamento de explotación e policía ...", débese engadir na primeira liña, logo de: "... policía ...", a palabra: "... portuaria ..."

Emenda nº173, ao apartado III, de Modificación. Exposición de motivos

No terceiro parágrafo do epígrafe III, onde di: "... o estatuto orgánico da entidade pública empresarial ...", debe dicir: "... a regulación básica da axencia pública autonómica ..."

Emenda nº174, ao apartado III, de Adición. Exposición de motivos

No epígrafe III, sexto parágrafo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:"... Todo iso debe obedecer a unha planificación xeral previa que se aborda coa regulación do Plan sectorial de Portos de Galicia, de acordo ao definido nas Directrices de ordenación do territorio."

Emenda nº175, ao apartado III, de Supresión. Exposición de motivos

Dentro do parágrafo sétimo desta exposición de motivos, que comeza por: "O capítulo II, relativo á ordenación urbanística ..."

´debe ser suprimido o seguinte texto: "... . A tramitación dos ditos plans delimita as competencias municipais e autonómicas sectoriais concorrentes, a ordenación territorial e a planificación urbanística, e, sen superar os límites da autonomía municipal, establécense medidas de coordinación que sirvan para resolver os inevitables conflitos que se presentan permanentemente na relación porto-cidade, seguindo tamén a doutrina do Tribunal Constitucional."

Emenda nº176, ao apartado III, de Modificación. Exposición de motivos

No epígrafe III, parágrafo dezaseis, que empeza por: "Tamén no tocante ao procedemento para outorgar ..." na terceira liña, onde di: "... a extensión do límite máximo de vixencia ata os cincuenta anos, debe dicir: "...a súa duración que se establecerá de acordo á normativa europea existente."

Emenda nº177, ao apartado IV, de Supresión. Exposición de motivos

No epígrafe IV debe ser suprimido e todo o segundo parágrafo que empeza por: "Das disposicións adicionais cómpre destacar que a primeira mantén a"

Asinado dixitalmente por:

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/10/2017
17:58:00**

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE PORTOS DE
GALICIA (NUM. EXPE. 10/PL-000005).**

Emenda nº1, ao apartado 4, de Adición. Artigo 3

Emenda de adición, apartado 4 do artigo 3:

Engadir despois de: "industriais", o seguinte: "ligadas ao mar".

Emenda nº2, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 6

Emenda de substitución, apartado 1 do artigo 6:

Substituír o segundo parágrafo polo seguinte texto:

“A xestión dos portos e instalacións portuarias estará orientada a garantir o interese xeral, priorizando a xestión pública, sen prexuízo da posibilidade de participación da iniciativa privada a través das concesións e autorizacións para a prestación de servizos especiais, de carácter complementario nos termos establecidos nesta lei e no resto do ordenamento xurídico”.

Emenda nº3, ao apartado 1, de Adición. Artigo 6

Emenda de adición, apartado 1 do artigo 6:

Engadir ao final do primeiro parágrafo:

“, con prohibición, con carácter xeral e agás casos totalmente xustificados de novos portos, dos recheos do mar e das rías, polas graves repercusións medioambientais, na pesca, no marisqueo e nas praias e paisaxe”.

Emenda nº4, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 6

Emenda de substitución, apartado 2 do artigo 6:

Substituír o apartado 2 do artigo 6 polo seguinte texto:

“2. O Goberno e a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, deseñará políticas e levará a cabo as xestións que permitan a transferencia dos portos de interese xeral do Estado situados en territorio galego, sen prexuízo de arbitrar accións normativas e pactadas de coordinación, mentres non se produza a transferencia”.

Emenda nº5, de Modificación. Artigo 7

Emenda de modificación. Artigo 7

Nos apartados 3, 4 e 5 do artigo 7 substituír: "entidade pública empresarial", por: "organismo autónomo"

Emenda nº6, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 7

Emenda de modificación, apartado 1 do artigo 7.

O artigo 7.1 quedaría redactado da seguinte maneira:

"1. O organismo autónomo Portos de Galiza é un organismo autónomo dos regulados na sección 2ª do Capítulo II do Título II da Lei 16/2010..." (segue igual)

Emenda nº7, de Modificación. Artigo 8

Emenda de modificación. Artigo 8.

Nos apartados 1 e 2 do artigo 8, substituír: "entidade pública empresarial", por: "organismo autónomo".

Emenda nº8, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 11

Emenda de substitución, apartado 2 do artigo 11.

Substituír o apartado 2 polo seguinte texto:

"2. No conxunto dos órganos de goberno de Portos de Galiza establecerase a paridade de xénero."

Emenda nº9, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 11

Emenda de modificación, apartado 3 do artigo 11.

Substituír no comezo do apartado o seguinte: "As persoas titulares da Presidencia e da Dirección", por: "As persoas titulares dos órganos da entidade..."

Emenda nº10, ao apartado 2, de Adición. Artigo 13

Emenda de adición, apartado 2 do artigo 13.

Engadir no apartado 2 ao final: "e organizacións sindicais e empresariais máis representativas."

Emenda nº11, ao apartado 3, de Adición. Artigo 13

Emenda de adición, apartado 3 do artigo 13.

Engadir un novo apartado, que será o 3:

"3. Aprobación dunha memoria de sustentabilidade ambiental portuaria."

Emenda nº12, ao apartado 2, de Adición. Artigo 14

Emenda de adición, apartado 2 do artigo 14:

Engadir despois de "administración": "central e local."

Emenda nº13, ao apartado 1, de Adición. Artigo 19

Emenda de adición, apartado 1 do artigo 14:

Engadir despois de "renovados conforme": "ao planeamento urbanístico local..."

Emenda nº14, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 27

Emenda de substitución, apartado 3 do artigo 27.

Substituír o apartado 3 polo seguinte texto:

“3. O persoal laboral do Ente Público Empresarial Portos de Galicia réxese polo convenio colectivo de aplicación, polo texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e pola demais normativa que resulte de aplicación ao persoal laboral ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

O persoal funcionario do Ente Público Empresarial réxese pola normativa reguladora do réxime do empregado público e polas súas normas de desenvolvemento.

A representación do persoal participarán na determinación das condicións de traballo dos empregados públicos de Portos de Galicia, incluíndo os aspectos relativos á organización, estrutura e marco de actuación en materia de recursos humanos e retribucións, nos termos previstos na lexislación vixente”

Emenda nº15, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 27

Emenda de supresión, apartado 4 do artigo 27.

Suprimir o apartado 4 do artigo 27.

Emenda nº16, de Adición. Artigo 27 bis.

Emenda de adición, artigo 27 bis.

Créase un novo artigo 27 bis. co seguinte texto:

"27 bis. Relación de postos de traballo

1. A relación de postos de traballo de Portos de Galicia determinará a natureza, contido e características do desempeño e retribución de cada posto de traballo, de acordo co disposto na normativa de emprego público. Esta relación será pública e, en todo caso, os postos de nova creación integraranse na oferta de emprego público da Xunta de Galicia ou nos sistemas de provisión de postos de traballo.

2. A proposta de aprobación e modificación da relación de postos de traballo de Portos de Galicia será acordada polo Consello Reitor, por proposta da Dirección, logo do informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública, e previa negociación na Mesa Xeral de Función Pública.

3. A aprobación da relación de postos de traballo corresponderá ao Consello da Xunta de Galicia e na súa tramitación estará sometida á normativa xeral establecida na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia sobre estes instrumentos de planificación de persoal.

4. A aprobación e modificación do cadro de persoal e a aprobación dos instrumentos polos que se regulen as condicións de traballo do persoal e o seu réxime retributivo, será acordada polo Consello Reitor, logo de informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública, e previa negociación na Mesa Xeral de Función Pública. A contratación e o nomeamento do persoal corresponde ao Presidente da entidade."

Emenda nº17, de Adición. CAPÍTULO I BIS.

Emenda de adición, CAPÍTULO I Bis.

Creación dun novo Capítulo I Bis, que terá un único artigo 27 ter, co seguinte texto:

"CAPÍTULO I. Bis. Órgano de Coordinación Portuario Municipal
Artigo 27 ter. Creación do Órgano de Coordinación Portuario
Municipal

Créase o Órgano de Coordinación Portuario Municipal como
instrumento de participación institucional e social en materia de
portos. O órgano será o encargado de articular as relación
entre a Administración portuaria e as administración municipais
cuxos municipios dispoñan de porto."

Emenda nº18, de Supresión. Artigo 28

Emenda de supresión, apartado i) do artigo 28.

Débase suprimir o seguinte texto: "co informe favorable da
Administración xeral do Estado".

Emenda nº19, ao apartado 2, de Adición. Artigo 32

Emenda de adición, apartado 2 do artigo 32:

Engadir ao final do punto 2:

"previo informe vinculante do/s concello/s afectado/s."

Emenda nº20, ao apartado 2, de Adición. Artigo 32

Emenda de adición, apartado 2 do artigo 32.

Despois de "obras menores" engadir:

"previo informe vinculante do concello ou concellos afectados."

Emenda nº21, ao apartado 3, de Adición. Artigo 32

Emenda de adición, apartado 3 do artigo 32.

Engadir ao final: "sempre que contén con informe favorable emitido pola administración local correspondente."

Emenda nº22, ao apartado c), de Adición. Artigo 33

Emenda de adición, apartado c) do artigo 33.

Ao remate do apartado c) debe engadirse: "incluso no ámbito local."

Emenda nº23, de Adición. Artigo 34

Emenda de adición, artigo 34.

Engadir dous novos apartados:

"e) Informe sobre a viabilidade urbanística elaborado polo/s concello/s afectado/s.

f) Ordenanza reguladora das edificacións."

Emenda nº24, ao apartado e), de Adición. Artigo 34

Emenda de adición, apartado e) do artigo 34.

Engadir un novo apartado e) co seguinte texto:

"e) Informes e estudos relativos aos impactos sobre ecosistemas mariños."

Emenda nº25, ao apartado a), de Modificación. Artigo 35

Emenda de modificación, artigo 35.

Substituír ao remate da terceira liña: "as observacións e suxestións" por: "alegacións."

Emenda nº26, ao apartado a), de Modificación. Artigo 35

Emenda de modificación, apartado a) do artigo 35.

Na cuarta liña modificar o prazo que debe ser de "seis meses".

Emenda nº27, ao apartado a), de Adición. Artigo 35

Emenda de adición, apartado a) do artigo 35.

Ao final do parágrafo debe engadirse: "así mesmo de constatar discrepancias entre o plan director e o informe elaborado pola entidade local ou entidades locais afectadas, prevaleceran os criterios e condicións contidos neste último."

Emenda nº28, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 36

Emenda de modificación, apartado 2 do artigo 36.

Substituír "oído o concello ou concellos afectados", por: "previo informe vinculante do concello ou concellos afectados."

Emenda nº29, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 36

Emenda de modificación, apartado 2 do artigo 36.

Substituír no segundo parágrafo "30 por 100", por. "10 por 100".

Emenda nº30, ao apartado 1, de Adición. Artigo 37

Emenda de adición, apartado 1 do artigo 37.

Engadir ao final do parágrafo: "agás en zonas urbanas consolidadas, onde prevalecerá este uso."

Emenda nº31, ao apartado 9, de Adición. Artigo 38

Emenda de adición, apartado 9 do artigo 38.

Engadir ao final do parágrafo:

"e aos PXOMs afectados."

Emenda nº32, ao apartado 12, de Adición. Artigo 38

Emenda de adición, artigo 38.

Engadir un novo apartado 12 co seguinte texto:

"12. Os plans especiais deberán contar cos informes sectorais de patrimonio, infraestruturas, fomento e os informes da empresas subministradoras de servizos."

Emenda nº33, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 39

Emenda de supresión, apartado 1 do artigo 39.

Suprimir o apartado 1.

Emenda nº34, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 39

Emenda de supresión, apartado 2 do artigo 39.

Suprimir o apartado 2.

Emenda nº35, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 39

Emenda de supresión, apartado 3 do artigo 39.

Suprimir o apartado 3.

Emenda nº36, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 40

Emenda de modificación, apartado 1 do artigo 40.

Na cuarta liña substituír: "ao informe da administración urbanística competente", por: "ao informe da administración local correspondente".

Emenda nº37, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 40

Emenda de modificación, apartado 1 do artigo 40.

Modificar o prazo de "un mes" a "tres meses".

Emenda nº38, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 40

Emenda de supresión, apartado 2 do artigo 40.

Eliminar ao principio da terceira liña: "complementarios".

Emenda nº39, ao apartado 2, de Adición. Artigo 40

Emenda de adición, apartado 2 do artigo 40.

Engadir ao final do apartado 2: "debendo contar coa correspondente licenza municipal."

Emenda nº40, ao apartado 3, de Adición. Artigo 40

Emenda de adición, apartado 3 do artigo 40.

Engadir ao final do apartado: "e deberán realizar a correspondente tramitación urbanística municipal."

Emenda nº41, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 40

Emenda de substitución, apartado 4 do artigo 40.

Substituír a primeira liña polo seguinte texto:

"Excepcionalmente poderanse realizar obras de dragaxe e recheo na zona de servizo dos portos, debidamente xustificadas e trala tramitación ambiental correspondente, e nunca en zonas urbanas consolidadas. Estas actuacións faranse con..."

Emenda nº42, ao apartado 6, de Supresión. Artigo 40

Emenda de supresión, apartado 6 do artigo 40.

Suprimir na segunda liña: "non".

Emenda nº43, ao apartado 7, de Adición. Artigo 40

Emenda de adición, apartado 7 do artigo 40.

Engadir na segunda liña despois de: "deberán obter", o seguinte: "tamén".

Emenda nº44, ao apartado 8, de Adición. Artigo 40

Emenda de adición, apartado 8 do artigo 40.

Ao final do parágrafo engadir: "se se axustan ao planeamento urbanístico local e ás..."

Emenda nº45, ao apartado 10, de Adición. Artigo 40

Emenda de adición, apartado 10 do artigo 40.

Engadir un novo apartado 10 co seguinte texto:

"10. As obras teñen que ser reguladas nos seus parámetros urbanísticos máximo, cando menos en altura, volume, ocupación, etc. Cada porto deberá contar cun parámetro de edificabilidade máxima e alturas máximas en función das características propias de cada porto e municipio."

Emenda nº46, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 41

Emenda de modificación, apartado 5 do artigo 41.

Ao final da segunda liña substituír "observacións", por: "alegacións".

Emenda nº47, ao apartado 5, de Adición. Artigo 41

Emenda de adición, apartado 5 do artigo 41.

Engadir ao final da primeira liña, despois de "informe":
"vinculante"

Emenda nº48, ao apartado 6, de Modificación. Artigo 41

Emenda de modificación, apartado 6 do artigo 41.

Substituír "dous meses", por: "seis meses".

Emenda nº49, ao apartado 1, de Adición. Artigo 42

Emenda de adición, apartado 1 do artigo 42.

Engadir ao final do parágrafo: "previo informe urbanístico
vinculante do concello."

Emenda nº50, ao apartado 1, de Adición. Artigo 43

Emenda de adición, apartado 1 do artigo 43.

Engadir ao final do parágrafo: "agás en zonas urbanas
consolidadas."

Emenda nº51, ao apartado 4, de Adición. Artigo 43

Emenda de adición, apartado 4 do artigo 43.

Engadir ao final do parágrafo: "agás en zonas urbanas
consolidadas."

Emenda nº52, ao apartado 3, de Adición. Artigo 44

Emenda de adición, apartado 3 do artigo 44.

Engadir un novo apartado 3 co seguinte texto:

"3. Con carácter xeral e agás casos limitados e debidamente xustificados de extraordinario interese xeral, que deberán contar co acordo unánime de todas as administracións e sectores económicos directamente afectados, prohibiranse novos recheos ao mar."

Emenda nº53, ao apartado 1, de Adición. Artigo 45

Emenda de adición, apartado 1 do artigo 45.

Engadir ao comezo do parágrafo 3 o seguinte:
"Excepcionalmente..."

Emenda nº54, ao apartado 1, de Adición. Artigo 47

Emenda de adición, apartado 1 do artigo 47.

Engadir ao final do parágrafo: "e da correspondente tramitación ambiental."

Emenda nº55, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 47

Emenda de supresión, apartado 3 do artigo 47.

Suprimir na primeira liña: "fose".

Emenda nº56, ao apartado 3, de Adición. Artigo 47

Emenda de adición, apartado 3 do artigo 47.

Engadir ao remate do segundo parágrafo: "e o de medio ambiente."

Emenda nº57, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 47

Emenda de supresión, apartado 4 do artigo 47.

Suprimir o apartado 4 do artigo 47.

Emenda nº58, ao apartado 5, de Adición. Artigo 47

Emenda de adición, apartado 5 do artigo 47.

Engadir un novo apartado 5 co seguinte texto:

"5. Con carácter xeral e agás casos limitados e debidamente xustificados de extraordinario interese xeral, que deberán contar co acordo unánime de todas as administracións e sectores económicos directamente afectados, prohibiranse novos recheos ao mar."

Emenda nº59, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 51

Emenda de supresión, apartado 1 do artigo 51.

Suprimir a frase: "e os espazos de reserva que garantan a posibilidade de desenvolvemento ou ampliación da actividade portuaria."

Emenda nº60, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 51

Emenda de supresión, apartado 2 do artigo 51.

Suprimir a frase: "Tamén comprenderá os espazos de reserva para a ampliación do porto."

Emenda nº61, ao apartado 4, de Adición. Artigo 51

Emenda de adición, apartado 4 do artigo 51.

Engadir ao principio da terceira liña despois de "solicitará informes", o seguinte: "vinculantes".

Emenda nº62, ao apartado 4, de Adición. Artigo 51

Emenda de adición, apartado 4 do artigo 51.

Engadir ao final: "que deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses."

Emenda nº63, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 51

Emenda de modificación, apartado 5 do artigo 51.

Modificar o prazo de "dous meses", por: "tres meses".

Emenda nº64, ao apartado 8, de Supresión. Artigo 51

Emenda de supresión, apartado 8 do artigo 51.

Suprimir no segundo parágrafo: "sen indemnización".

Emenda nº65, ao apartado 1, de Adición. Artigo 52

Emenda de adición, apartado 1 do artigo 52.

Na penúltima liña despois de "Administración urbanística,"
engadir: "incluída a local,".

Emenda nº66, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 52

Emenda de modificación, apartado 2 do artigo 52.

Modificar na segunda liña "superior ao quince por cento", por:
"superior ao dez por cento".

Emenda nº67, ao apartado 1, de Adición. Artigo 54

Emenda de adición, apartado 1 do artigo 54.

Engadir no final do texto:

"En base ao anterior, a administración portuaria á hora de autorizar ou prohibir unha determinada actividade, deberá xustificar a compatibilidade ou non da mesma, cos usos estritamente portuarios."

Emenda nº68, ao apartado 2.b), de Adición. Artigo 54

Emenda de modificación, subapartado b) do apartado 2 do artigo 54.

Modificar o texto do subapartado b) quedando do seguinte xeito: "comerciais directamente vencellado a actividades pesqueiras, marítimas ou os relativos a intercambio de transportes ou desenvolvemento de servizos portuarios."

Emenda nº69, ao apartado 2.e), de Supresión. Artigo 54

Emenda de supresión, subapartado e) do apartado 2 do artigo 54.

Eliminar o texto a partir de: "de almacenaxe e os que correspondan a empresas."

Emenda nº70, ao apartado 2.f), de Adición. Artigo 54

Emenda de adición, subapartado f) do apartado 2 do artigo 54.

Engadir un novo subapartado f) co seguinte texto:

"f) Mariñas tradicionais."

Emenda nº71, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 54

Emenda de supresión, apartado 3 do artigo 54.

Eliminar o texto: "e outars actividades comerciais e industriais non portuarias."

Emenda nº72, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 55

Emenda de supresión, apartado 2 do artigo 55.

Eliminar o apartado 2 completo.

Emenda nº73, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 55

Emenda de supresión, apartado 3 do artigo 55.

Suprimir o apartado 3 completo.

Emenda nº74, ao apartado 5, de Adición. Artigo 55

Emenda de adición, apartado 5 do artigo 55.

Engadir ao final: "quedan prohibidos os usos comerciais e industriais non vinculados aos servizos portuarios."

Emenda nº75, ao apartado 5, de Adición. Artigo 56

Emenda de adición, apartado 5 do artigo 56.

Engadir ao final do parágrafo o seguinte texto: "agás o pago das taxas, da que estarán exonerados."

Emenda nº76, ao apartado a), de Supresión. Artigo 57

Emenda de supresión, apartado a) do artigo 57.

Suprimir ao comezo da terceira liña: "comerciais, industriais".

Emenda nº77, ao apartado b), de Adición. Artigo 57

Emenda de adición, apartado b) do artigo 57.

Engadir ao final do parágrafo o seguinte texto: "poderán superar este prazo as instalacións de lecer ou similares, propostas polas entidades locais."

Emenda nº78, ao apartado 5, de Adición. Artigo 58

Emenda de adición, apartado 5 do artigo 58.

Engadir un novo punto 5 co seguinte texto:

"5. Quedan exentas destas condicións as instalacións de lecer ou similares, propostas polas entidades locais."

Emenda nº79, de Adición. 64 bis.

Emenda de adición, artigo 64 bis.

Engadir un novo artigo 64 bis. co seguinte texto:

"64 bis. Ás autorizacións para instalacións de lecer e similares propostas polas entidades locais, non lles será de aplicación os artigos 59, 60, 61, 62, 63 e 64."

Emenda nº80, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 65

Emenda de supresión, apartado 2 do artigo 65.

Eliminar ao remate da terceira liña do apartado 2 o seguinte texto: "na Delimitación de Espazos e Usos Portuarios."

Emenda nº81, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 66

Emenda de modificación, apartado 1 do artigo 66.

Modificar o prazo das concesións, así substitúese o "non poderá ser superior a cincuenta anos", por: "non poderá ser superior a trinta anos".

Emenda nº82, ao apartado 1.d), de Modificación. Artigo 68

Emenda de modificación, subapartado d) do apartado 1 do artigo 68.

Modificación do subapartado d) do apartado 1 do artigo 68, ao remate da penúltima liña substituír "construtivo", por: "de execución".

Emenda nº83, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 69

Emenda de supresión, apartado 3 do artigo 69.

Eliminar o texto do final do apartado 3: "ou no seu defecto, na Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios."

Emenda nº84, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 69

Emenda de modificación, apartado 3 do artigo 69.

Modificar o prazo "dun mes", por "tres meses".

Emenda nº85, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 69

Emenda de modificación, apartado 3 do artigo 69.

Substituír no terceiro parágrafo "favorable", por: "desfavorable".

Emenda nº86, ao apartado 1.i), de Adición. Artigo 71

Emenda de adición, subapartado i) do apartado 1 do artigo 71.

Engadir o seguinte texto: "agás as concesións solicitadas por entidades locais para uso propio."

Emenda nº87, ao apartado 1.c), de Supresión. Artigo 73

Emenda de supresión, subapartado c) do apartado 1 do artigo 73.

Eliminar a frase final: "o a Delimitación de Espazos e Usos Portuarios."

Emenda nº88, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 88

Emenda de supresión, apartado 1 do artigo 88.

Suprimir "unilateralmente, en calquera momento e sen dereito a indemnización."

Emenda nº89, de Supresión. TÍTULO V

Emenda de supresión, Título V.

Eliminar en todo o capítulo as referencias ás "actividades comerciais e industriais ou doutra natureza".

Emenda nº90, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 110

Emenda de supresión, apartado 1 do artigo 110.

Suprimir o apartado 1.

Emenda nº91, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 110

Emenda de substitución, apartado 2 do artigo 110.

Substituír o texto do apartado 2, que pasaría a ser o 1, polo seguinte:

"1. A actividade portuaria desenvolverase baixo dirección e iniciativa pública, sen prexuízo de admitirse, cando así o demande o interese xeral, a iniciativa privada, en eidos de libre competencia, para a prestación de servizos portuarios especiais e no desenvolvemento de actividades económicas relacionadas coa actividade marítima e pesqueira complementaria dos servizos portuarios xerais".

Emenda nº92, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 114

Emenda de substitución, apartado 2 do artigo 114.

Substituír o texto do apartado 2 polo seguinte:

"2. A prestación de servizos portuarios especiais, que non impliquen o exercicio de autoridade, pode encomendarse ao sector privado en réxime de competencia".

Emenda nº93, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 115

Emenda de substitución, apartado 1 do artigo 115.

Substituír o texto do apartado 1 polo seguinte:

"1. Os servizos portuarios especiais de non seren prestados polo sector público, prestaranse por operados privados en réxime de libre concorrência."

Emenda nº94, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 115

Emenda de supresión, apartado 5 do artigo 115.

Suprimir o apartado 5 do artigo 115.

Emenda nº95, ao apartado 6, de Supresión. Artigo 115

Emenda de supresión, apartado 6 do artigo 115.

Suprimir o apartado 6.

Emenda nº96, de Adición. Artigo 118

Emenda de adición, artigo 118.

Engadir despois de "industriais" a expresión "vinculados á actividade marítimo pesqueira e portuaria."

Emenda nº97, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 123

Emenda de supresión, apartado 1 do artigo 123.

No apartado 1, que pasaría a ser o 2, suprimir a frase: "sexan ou non de carácter portuario."

Emenda nº98, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 123

Emenda de modificación, apartado 5 do artigo 123.

O apartado 5 debería ser o apartado 1.

Emenda nº99, de Supresión. Artigo 124

Emenda de supresión, artigo 124.

Suprimir o texto: "sempre que sexa preciso para atender posibles deficiencias da iniciativa privada."

Emenda nº100, ao apartado 2, de Adición. Artigo 125

Emenda de adición, apartado 2 do artigo 125.

Engadir despois de "elevado previo informe", o seguinte: "do Consello Reitor e da Mesa Xeral de Función Pública."

Emenda nº101, ao apartado u), de Supresión. Artigo 130

Emenda de supresión, apartado u) do artigo 130.

Suprimir o apartado u) do artigo 130.

Emenda nº102, ao apartado v), de Supresión. Artigo 130

Emenda de supresión, apartado v) do artigo 130.

Suprimir o apartado v) do artigo 130.

Emenda nº103, ao apartado 1.a), de Modificación. Artigo 136

Emenda de modificación, subapartado a) do apartado 1 do artigo 136.

Débase substituír: "60.000", por: "15.000".

Emenda nº104, de Adición. Disposición adicional oitava

Emenda de adición. Disposición adicional oitava.

Créase unha disposición adicional nova, que pasa a ser a oitava, co seguinte tenor literal:

"Disposición adicional oitava. No prazo de dous meses a contar o día seguinte da aprobación da presente lei, a Xunta de Galiza e o goberno do estado crerán unha Comisión Mixta para efectivizar o traspaso á Xunta de Galiza da competencia, desenvolvemento lexislativo e execución en materia de Portos de Interese Xeral, proceso que deberá estar concluído nun prazo máximo de seis meses despois da aprobación da presente lei."

Emenda nº105, de Adición. Disposición adicional novena

Emenda de adición, Disposición adicional novena.

"Disposición adicional novena. Fomento das embarcacións tradicionais galegas

1. Portos de Galiza desenvolverá no prazo dun Plan para garantir no dominio público portuario baixo a súa administración espazos para a instalación de mariñas tradicionais, de xeito que garantan o amarre, acubillo e exhibición das embarcacións tradicionais de Galiza.

2. Portos de Galiza impulsará e participará no fomento do patrimonio material e inmaterial das embarcacións tradicionais galegas."

Emenda nº106, de Supresión. Disposición transitoria sexta

Emenda de supresión, Disposición transitoria sexta.

Suprimir a Disposición transitoria sexta.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2017 18:19
Nº Rexistro: 18236
Data envío: 04/10/2017 18:19:03.714

Asinado dixitalmente por:

**María Montserrat Prado Cores na data 04/10/2017
18:18:52**

Ana Pontón Mondelo na data 04/10/2017 18:18:57



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 13:34
Nº Rexistro: 18291
Data envío: 05/10/2017 13:34:57.940

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), solicita a seguinte corrección de erros no documento con número de rexistro 18236:

Na emenda nº 105, onde dí:

“1. Portos de Galiza desenvolverá no prazo dun Plan para...”

Debe dicir:

“1. Portos de Galiza desenvolverá no prazo dun ano un Plan para...”

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2017

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 13:34
Nº Rexistro: 18291



Data envío: 05/10/2017 13:34:57.940

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 05/10/2017 13:34:40



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta escrita, relativa ao mantemento do Colexio Rosalía de Castro en Carril.

Unha das partidas que máis padeceu os tesoirazos do Partido Popular no eido do ensino foi a de reparación e mantemento das escolas. Unha partida que pasou de algo máis de 11 millóns e medio de euros en 2008, a 4.650.000 euros nos orzamentos de 2017, que en termos reais, isto é descontando as variacións do IPC, supón case un 70% menos. Un 70% menos que se traduce en aulas en mal estado, alumnado en clase con abrigo, cubertas que seguen tendo amianto e, en definitiva, ausencias graves de infraestrutura escolar en numerosos centros do país.

Neste senso cabe entender os graves problemas detectados no centro Rosalía de Castro, de Carril. Nesta escola o teito de seis aulas atópase cuberto por placas suxeitas perigosamente con cinta adhesiva. Hai, ademais, problemas graves coa climatización das aulas debido a unhas ventás moi antigas e moi pouco eficientes que fan que a temperatura nas aulas sexa moi baixa. A isto habería que sumar uns baños en moi mal estado, mal alicatados, cubículos sen portas e tabiques con bases carcomidas. Alén das cañarías, do mesmo ano que a construción da escola, 1971, feitas de fibrocemento con parte de amianto. Un elemento altamente contaminante e con perigosas consecuencias para a saúde.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:



1.^a) Considera o Goberno galego adecuado ter a nenas e nenos en instalacións coma estas?

2.^a) Ata cando vai manter o Goberno galego o abandono desta escola?

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Ánxeles Cuña Bóveda,

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 06/10/2017 13:49:48

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/10/2017 13:49:57

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No concello de Pereiro de Aguiar (Ourense), en virtude do convenio asinado no ano 2003 entre a Xunta de Galicia e o Concello, construíuse un centro de día cuxas obras remataron en marzo do 2008. O Concello de Pereiro de Aguiar negouse nun primeiro momento a recepcionala, alegando que o saneamento era incorrecto, que non bastaba coa fosa séptica de que se dotara.

Tras a polémica sobre a ausencia de depuradora e un investimento global de 1,5 millóns de euros, en agosto do 2011 aprobábase no Pleno do Concello o regulamento de funcionamento, e incluso se delimitaban as taxas a pagar polas persoas usuarias dese centro de día.

Posteriormente, unha sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense estableceu que o Concello o edificou sobre chan que non é seu. O fallo xudicial leva data do 22 de marzo de 2012, e ratifica o acordo que un ano antes adoptara o Xurado Provincial de Cualificación de montes veciñais que outorgaba a propiedade do terreo aos veciños e veciñas. A sentenza indica que “sendo indiscutible, a falta de motivación do recurso de reposición que deu a razón ao Concello en detrimento dos comuneiros, a solución non pode ser outra que declarar a nulidade da devandita resolución”. O fallo devolve a titularidade das terras sobre as que se asenta a residencia aos veciños e veciñas, e pide ao Concello que reclame nos xulgados se considera que as terras lle pertencen.

No ano 2013, durante un breve lapso de tres meses estivo aberto, previa privatización, pero na actualidade pasados catorce anos dende que aqueles dous gobernos do PP iniciasen as xestións para levantar unha residencia que prestase servizo aos maiores e dependentes deste concello, este centro de día segue pechado.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. En que situación exactamente se atopa a día de hoxe o centro de día dos Gozos no concello de Pereiro de Aguiar (Ourense)?
2. Por que motivo segue pechado nove anos despois de terse rematado as obras?
3. Cando considera a Xunta de Galicia que pode comezar a funcionar?
4. Ten previsto o Goberno galego facerse cargo da xestión do centro de día de Pereiro de Aguiar (Ourense)?
5. En caso afirmativo, cal será o número de prazas dispoñibles?

Pazo do Parlamento, 5 de outubro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 06/10/2017 14:21:02

Raúl Fernández Fernández na data 06/10/2017 14:21:09

Julio Torrado Quintela na data 06/10/2017 14:21:14

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro d disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O concello de Laxe só conta con pediatra dous días a semana, os martes e xoves. Isto é así incluso nos meses de xullo e agosto, a pesar de que se trata dun concello de interese turístico e que no verán a súa poboación infantil vese incrementada considerablemente. As consecuencias, son esperas de máis dun mes para as revisións e as vacinas, e peregrinacións ao PAC de Ponteceso, que se atopa a 13 km de distancia. Se temos en consideración a ausencia de conexións do transporte público isto obriga a se desprazar en vehículo particular ou en taxi. Outro problema a maiores é a imposibilidade de pedir cita para unha revisión a través da páxina *web* do Sergas. No mes de agosto, tampouco se podía facer telefonicamente, debido á saturación de liñas. Isto obrigaba a pedir cita presencialmente, no propio centro médico ocasionando un caos absoluto no centro de saúde así como longas esperas.

O que acontece en Laxe non é unha excepción de feito Malpica e Cabana, tampouco contan con pediatra a diario, o servizo máis próximo atópase a unha distancia entre 5 e 10 km.

En Carballo hai tres pediatras, para máis de catro mil pacientes, o que supón que cada facultativo ten unha media de máis de 1.600 rapaces e rapazas. Precisamente a ausencia de pediatras noutros centros provoca a derivación de doentes a Carballo. Isto non é asumible, xa que, por unha banda, supón longas esperas para acadar unha cita, e por outra unha sobrecarga de traballo para os profesionais que teñen que atender a máis de 30 nenos e nenas ao día.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Que vai facer o Goberno galego para solucionar a grave situación na que se atopa o centro de saúde de Carballo en canto ao servizo de pediatría, que implica que a un só facultativo lle corresponden máis de 1.600 pacientes?

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2017



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 06/10/2017 14:23:19

Noela Blanco Rodríguez na data 06/10/2017 14:23:32

Julio Torrado Quintela na data 06/10/2017 14:23:45

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta escrita**, relativa ao sistema de préstamo de libros.

De acordo co mandato constitucional no seu artigo 27.4 “o ensino básico é obrigatorio e gratuíto”. Ensino básico que o artigo 3.3 da LOE (que a LOMCE deixou vixente) define como: “A educación primaria e a educación secundaria obligatoria constitúen a educación básica”, reiterando o principio constitucional no artigo 4.1 da mesma Lei: “O ensino básico ao que se refire o artigo 3.3 desta Lei é obrigatorio e gratuíto”.

A realidade, lamentablemente, está bastante lonxe do devandito principio constitucional. Na práctica a gratuidade só atinxe ao acceso aos colexios e institutos públicos onde non hai que pagar matrícula, pero o resto págase céntimo a céntimo: os libros, o material, as saídas. Un custo que provoca diferenzas inaceptables entre o alumnado e que debilita o dereito universal á educación que vemos con preocupación en cada inicio de curso.

A propia defensora do Pobo, nun detallado informe sobre a materia, ten admitido que o carácter gratuíto debería facerse extensivo ós libros de texto e ó material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis de ensino obrigatorio. Só cando todos os servizos educativos, e polo tanto tamén todo o material educativo necesario para os mesmos, sexan sufragados integramente con fondos públicos, poderemos falar dun ensino verdadeiramente público e gratuíto.

Un sistema, que, cómpre recordar, era o que tiñamos en Galicia ata a chegada ao Goberno do Partido Popular en 2009. Nese momento, os libros de texto si que



eran gratuítos, para todos e todas, e por riba non eran de ninguén, prestábanse pasando duns nenos a outros. Deste xeito, ademais, aprendían o valor da conservación, da reciclaxe e do respecto. Un sistema que mesmo a Defensora do Pobo recomendou como o de maior eficiencia e menor custe.

Un sistema de préstamo universal de libros de texto que foi substituído no retorno do PP á Xunta por un modelo de axudas parciais alcumado como "gratuidade solidaria" que mudou a óptica dos dereitos pola da beneficencia. Un sistema que, ademais, e malia ser implantado en aras da austeridade, acabou sendo máis caro que o sistema de préstamo.

Deste xeito nos últimos orzamentos do Goberno bipartito, que foron tamén os últimos cunha partida para a "gratuidade dos libros de texto", a Consellería de Educación reservaba para esta fin un montante de 14,4 millóns de euros. Tras un primeiro ano de transición entre ambos modelos os gastos comezaron a dispararse. Non en van, tras reservar inicialmente 9,06 millóns para 2011 e 150.000 para 2012 o gasto real superou notablemente as previsións, chegando aos 12,2 millóns de euros. **Nos Orzamentos Xerais para 2013 Educación xa sumou máis fondos a este programa , chegando a 15,09 millóns de euros dos que apenas 50.000 pertencen ao antigo programa de préstamo, que aínda subsiste nalgúns niveis educativos.**

Non só iso, senón que ANPAS, concellos e centros educativos acabaron organizando bancos de libros propios cos que pretendían suplir o labor da Xunta.

Ante a evidencia do fracaso do sistema implantado polo Partido Popular a Consellería de Educación comezou a implantar en 2015 un plan de préstamo similar ao que eliminara, o chamado **Fondo Solidario que no vindeiro curso xa se estenderá a todo o ensino obrigatorio coa única excepción dos dous primeiros cursos de Primaria.**



Deste xeito, o sistema de axudas parciais só quedaría vixente en 1º e 2º de educación primaria e en educación especial.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- Cales son os motivos para o cambio de modelo?
- Por que a mudanza de modelo non se fixo extensible a todo o período educativo?

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 06/10/2017 14:24:10

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/10/2017 14:24:18

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Segundo recolle a publicación do Faro de Vigo, o 26 de outubro de 2016, o Presidente da Xunta de Galicia salientaba, sobre o Centro de Saúde de Marín, que era “un dos máis completos de Galicia”, definindo o mesmo como un “pequeno hospital sen hospitalización” xa que presta asistencia hospitalaria completa en horario continuado a través do PAC.

Con todo, un ano despois da súa apertura, dito Centro de Saúde ten unhas deficiencias que serían perfectamente solucionables si existise vontade política de compromiso coa sanidade pública.

As deficiencias sanitarias son as seguintes:

- Non cobertura das baixas das únicas dúas matronas. E falta de cobertura das baixas de longa duración do persoal.
- Carencia do servizo de farmacia.
- Falta de monitor desfibrilador no Centro de Saúde.
- Hai dúas caixas fortes sen instalar e que son necesarias para gardar fármacos psicotrópicos e estupefacientes.
- Servizo de fisioterapia incompleto. Só hai unha praza, cando por poboación lle corresponden dúas.
- Só hai ambulancia non medicalizada e a súa base non está no centro de saúde, o que retrasa os tempos de actuación e asistencia no caso de que se precise medicalizar a ambulancia.



- Non hai servizo de radioloxía.

O goberno do PPdG de Marín leva tempo asegurando, segundo conversacións coa Xunta de Galicia, que pronto terían o se solucionarían esas deficiencias.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Cando ten pensado a Xunta de Galicia levar a cabo o compromiso de cubrir as deficiencias sinaladas no Centro de Saúde de Marín?
- Son certas as conversas mantidas coa alcaldesa?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/10/2017 10:07:47

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández e Luís Villares Naveira, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Na Galiza, persoas con problemas de corazón vense obrigadas a desprazarse ata Portugal en busca de Trangorex, un medicamento para tratar arritmias, polo desabastecemento das farmacias galegas.

Segundo a información que consta na páxina da Axencia Española de Medicamentos e produtos sanitarios, o desabastecemento débese a que “O titular de autorización de comercialización está realizando unha distribución controlada ao existir unidades limitadas”.

Segundo a Xunta, a Axencia Española de Medicamentos afirmou que SANOFI AVENTIS, S.A., o laboratorio subministrador, garantía a cobertura das urxencias, pero as cantidades que chegan a Galiza seguen a ser insuficientes.

E mentres Xunta e Estado escúdanse no laboratorio, as e os pacientes deben ir comprar o medicamento a Portugal e cada farmacia debe reclamar ao laboratorio as peticións urxentes.

Polo exposto, os deputados que subscriben formulan á Xunta a seguinte Pregunta:



- Que xestións leva feito para garantir o subministro de Trangorex ás farmacias galegas?
- Contactou a Xunta directamente con SANOFI AVENTIS, S.A. para esixir o subministro?
- Por que, se segundo a Xunta o problema de falta de subministro afecta a toda a Unión Europea, o Trangorex se consegue nas farmacias portuguesas?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Eva Solla Fernández
Luís Villares Naveira
Deputadas e deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 09/10/2017 10:45:30

Eva Solla Fernández na data 09/10/2017 10:45:38

Luis Villares Naveira na data 09/10/2017 10:45:46

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Os anos de crise económica supuxo unha desfeita na calidade de vida e na capacidade económica dos galegos e das galegas, agravado pola falta de protección do Estado e da nosa Comunidade Autónoma.

Os indicadores macroeconómicos mostran unha melloría da economía que non é percibida polas familias, posto que seguen a ter dificultades de acceso ao mercado laboral, precarización do mercado laboral, empeoramento dos servizos públicos e, ademais, dificultade de acceso a determinados bens e servizos que marcan unha diferenza no nivel de vida de cada familia.

Os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística referidos á Enquisa Conxuntural a fogares sobre o terceiro trimestre de 2017, que permite avaliar a percepción dos consumidores respecto das súas expectativas de gasto, de capacidade futura de aforro, así como da percepción da situación económica persoal, revélannos o empeoramento deles.

Nos datos correspondentes ao terceiro trimestre deste ano, temos que un 42,13 % chega con dificultade a fin de mes e un 9,54 % chega con moita dificultade; é dicir, case un 52 % (máis da metade) dos fogares galegos teñen dificultades para chegar a fin de mes. Se comparamos estes trimestre co trimestre anterior, vemos que os fogares que chegan con dificultade a fin de mes aumenta en 6,77 %, baixando nun 6,19 % os que chegan con facilidade.

Á vista desta situación as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é a valoración do Goberno galego ante estes preocupantes datos?

 Grupo Parlamentario

2ª) Que medidas vai adoptar o Goberno galego para reverter esta situación?

3ª) Vai o Goberno galego contemplar nos orzamentos da Comunidade Autónoma correspondentes ao exercicio 2018 algunha partida orzamentaria que axude a reverter esta situación que están a padecer máis dun 50 % dos galegos e das galegas?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 9 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/10/2017 11:52:18

Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/10/2017 11:52:24

Noela Blanco Rodríguez na data 09/10/2017 11:52:33

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, M^a Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **por escrito**.

Na presentación do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015, se subliñaba o interese en conseguir *máis e mellores resultados na aplicación práctica deste valor fundamental da democracia*.

Máis das tres cuartas partes das actuacións contidas na planificación de dito plano incorporaban cambios ou eran novas respecto ao que se estaba a facer en anos anteriores. Así mesmo, se anunciaba a intención de levar a cabo un grande esforzo de coordinación interdepartamental para intensificar o enfoque multidisciplinar e a perspectiva de xénero nas diferentes políticas públicas que afectan á igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

Isto levou a destacar o empeño nun eixe estratéxico que se titulaba “Mellora da Gobernanza a favor da igualdade”, situándoo, nunha primeira orde de magnitude, consolidar a posición de ‘administración exemplar’ do Goberno galego no deseño, execución e seguimento de políticas das que mulleres e homes se benefician de forma equivalente, contribuíndo ao progreso e benestar do conxunto da sociedade galega.

Polo tanto, os obxectivos e actuacións recompiladas para esta área de intervención centrábanse en conseguir un maior impacto e eficacia da acción pública en pro da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

Definíanse un total de oito obxectivos operativos para dar contido a este eixe, a partir dos que se deseñaron as actuacións a emprender sendo un deles:

Grupo Parlamentario

7. Impulsar as políticas de igualdade e a transversalidade de xénero no eido local, cunha atención especial á formación dos seus recursos humanos e á creación de novos espazos de interacción e experiencias.

Este impulso apuntábase que precisaba dunha fase informativa e divulgadora e formación específica e continua en materia de igualdade de xénero dirixida ao persoal das entidades locais, en particular ao que está directamente vinculado ao traballo pola igualdade. Habilitaríase un espazo web de intercambio e transferencia de experiencias e boas prácticas ao tempo que se apoiaría ás entidades locais na realización de programas enfocados á igualdade entre xéneros. Así mesmo, seguiríase apoiando o papel dos centros de información ás mulleres como axentes dinamizadores.

As accións específicas previstas para a consecución deste obxectivo incluían:

- Difusión de información e concienciación para promover unha plena aplicación da igualdade e da transversalidade de xénero na formulación das políticas locais.
- Realización dun programa de formación específico en políticas e actuacións públicas con perspectiva de xénero dirixido ao persoal das entidades locais.
- Desenvolvemento dun programa de formación continua e especializada en xénero, principalmente na modalidade virtual, para fortalecer as competencias e destrezas do persoal vinculado ao traballo pola igualdade nas entidades locais.
- Reforzamento do papel dos centros de información ás mulleres como axentes dinamizadores da igualdade entre homes e mulleres no ámbito local.
- Habilitación dun espazo web colaborativo para fomentar a posta en común e a transferencia de experiencias e boas prácticas en aras dunha maior calidade e innovación no desenvolvemento das políticas de igualdade nas entidades locais.

 Grupo Parlamentario

- Apoio ás entidades locais no deseño e realización de programas de promoción da igualdade entre mulleres e homes.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal foi o número de circulares informativas remitidas por parte da Dirección Xeral de Administración Local ao persoal directivo e de representación de concellos, mancomunidades de municipios e consorcios locais co fin de concienciar e promover a plena aplicación da igualdade e da transversalidade de xénero na formulación das políticas locais?
2. Cantas foron as persoas, dentro do persoal de concellos, mancomunidades de municipios e consorcios locais que asistiron ás accións formativas ou cursos de formación específica en políticas e actuacións públicas con perspectiva de xénero ?
3. Poden confirmar a posta en práctica durante o período do VI Plan de igualdade do programa de formación continua e especializada en xénero, na modalidade virtual, para fortalecer as competencias e destrezas do persoal vinculado ao traballo pola igualdade nas entidades locais?
4. Como valoran o incremento de persoal e número de CIMs neste período de vixencia do VI Plan de igualdade? Consideran que a implantación dos mesmos no territorio é suficiente?
5. Foi habilitado o espazo web colaborativo para fomentar a posta en común e a transferencia de experiencias e boas prácticas en aras dunha maior calidade e innovación no desenvolvemento das políticas de igualdade nas entidades locais?
6. Cal foi o número e tipoloxía de programas de promoción de igualdade subvencionados nas entidades locais durante os anos de vixencia do VI Plan de igualdade?

 Grupo Parlamentario

7. Considera este Goberno suficiente o impulso as políticas de igualdade e a transversalidade de xénero no eido local durante o período de vixencia do VI Plan de igualdade?

Pazo do Parlamento, 9 de outubro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
M^a Dolores Toja Suárez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 09/10/2017 12:37:32

María Dolores Toja Suárez na data 09/10/2017 12:37:37

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/10/2017 12:37:45

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 09/10/2017 12:37:50

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/10/2017 12:37:56

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, M^a Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **por escrito**.

Na presentación do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015, se subliñaba o interese en conseguir *máis e mellores resultados na aplicación práctica deste valor fundamental da democracia*.

Máis das tres cuartas partes das actuacións contidas na planificación de dito plano incorporaban cambios ou eran novas respecto ao que se estaba a facer en anos anteriores. Así mesmo, se anunciaba a intención de levar a cabo un grande esforzo de coordinación interdepartamental para intensificar o enfoque multidisciplinar e a perspectiva de xénero nas diferentes políticas públicas que afectan á igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

Isto levou a destacar o empeño nun eixe estratéxico que se titulaba “Mellora da Gobernanza a favor da igualdade”, situándoo, nunha primeira orde de magnitude, consolidar a posición de ‘administración exemplar’ do Goberno galego no deseño, execución e seguimento de políticas das que mulleres e homes se benefician de forma equivalente, contribuíndo ao progreso e benestar do conxunto da sociedade galega.

Polo tanto, os obxectivos e actuacións recompiladas para esta área de intervención centrábanse en conseguir un maior impacto e eficacia da acción pública en pro da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

Defíníanse un total de oito obxectivos operativos para dar contido a este eixe, a partir dos que se deseñaron as actuacións a emprender sendo un deles:

Grupo Parlamentario

8. Fortalecer a colaboración interdepartamental e institucional a favor da igualdade entre mulleres e homes así como no labor de cooperación exterior da Administración autonómica.

Para acadalo contemplábase a posta en marcha dun grupo técnico de traballo para a coordinación, dinamización e seguimento das políticas de igualdade e da estratexia de transversalidade de xénero na Administración autonómica.

As accións específicas previstas para a consecución deste obxectivo incluían:

- Revisión anual dos avances en pro da igualdade de xénero polo Consello da Xunta de Galicia, especialmente nos ámbitos cubertos polo presente plan, seguida da posta en valor e difusión pública das boas prácticas.
- Organización bianual dunha Conferencia de Alto Nivel sobre a Igualdade de Xénero para estimular o debate e o intercambio de experiencias entre as administracións públicas e para promover a adopción de fórmulas de cooperación que enriquezan unha intervención integrada.
- Organización e asistencia a conferencias, encontros, foros de debate de ámbito nacional e internacional que contribúan a difundir o papel destacado das políticas de igualdade en Galicia e ao desenvolvemento de novas colaboracións institucionais.
- Participación en proxectos e iniciativas de cooperación rexional, transfronteriza e internacional dirixidos ao deseño e exploración de novos modelos e programas de intervención en relación coa estratexia para a igualdade entre mulleres e homes.
- Estímulo á consideración de xénero e do empoderamento das mulleres nos proxectos e microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior apoiados pola Administración autonómica.
- Apoio preferente aos proxectos de educación para o desenvolvemento e aos proxectos para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais que integren a perspectiva de xénero.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal foi o número de xuntanzas e acordos tomados nas mesmas do grupo de traballo conformado pola Secretaría Xeral de Igualdade para a coordinación, dinamización e seguimento das políticas de igualdade e da estratexia de transversalidade de xénero na Administración autonómica?
2. Foi celebrada a convocatoria bianual dunha Conferencia de Alto Nivel sobre a Igualdade de Xénero para estimular o debate e o intercambio de experiencias entre as administracións públicas e para promover a adopción de fórmulas de cooperación que enriquezan unha intervención integrada? De terse celebrado, cales foron os principais resultados das mesmas?
3. Que tipo de novas colaboracións institucionais xurdiron durante os anos de vixencia do VI Plan de igualdade e froito da asistencia a foros, encontros ou conferencias no ámbito nacional ou internacional?
4. Cal foi o número de proxectos e iniciativas aprobadas de cooperación rexional, transfronteriza e internacional dirixidos ao deseño e exploración de novos modelos e programas de intervención en relación coa estratexia para a igualdade entre mulleres e homes durante os anos de vixencia do plan?
5. Cal foi o número e tipo de proxectos financiados e apoiados pola Administración autonómica que garanten a consideración de xénero e do empoderamento das mulleres nos proxectos e microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior e durante os anos de vixencia do VI Plan de igualdade?
6. Cal foi o número e tipo de proxectos financiados de educación para o desenvolvemento así como de proxectos para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais que integraron a

Grupo Parlamentario

perspectiva de xénero durante os anos de vixencia do VI Plan de igualdade?

7. Cal é a valoración que fai o Goberno das diferentes accións e grao de cumprimento do obxectivo de “fortalecemento da colaboración interdepartamental e institucional a favor da igualdade entre mulleres e homes así como no labor de cooperación exterior da Administración autonómica”?

Pazo do Parlamento, 9 de outubro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
M^a Dolores Toja Suárez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 09/10/2017 12:56:40

María Dolores Toja Suárez na data 09/10/2017 12:56:46

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/10/2017 12:56:52

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 09/10/2017 12:56:57

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/10/2017 12:57:02

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, M^a Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco, Abel Losada Alvarez, José Antonio Quiroga Díaz, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Na presentación do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015, se subliñaba o interese en conseguir *máis e mellores resultados na aplicación práctica deste valor fundamental da democracia*.

Máis das tres cuartas partes das actuacións contidas na planificación de dito plano incorporaban cambios ou eran novas respecto ao que se estaba a facer en anos anteriores. Así mesmo, se anunciaba a intención de levar a cabo un grande esforzo de coordinación interdepartamental para intensificar o enfoque multidisciplinar e a perspectiva de xénero nas diferentes políticas públicas que afectan á igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

Isto levou a destacar o empeño nun eixe estratéxico que se titulaba “Cambio de valores e modelos para a igualdade”, e que buscaba remover os valores, actitudes e estereotipos que sustentan un clima social tolerante coa desigualdade entre mulleres e homes, así como con calquera acción ou inacción que teña como consecuencia un acto discriminatorio ou violento por razón de sexo, afianzando a toma de conciencia da sociedade sobre a necesidade de traballar na consolidación dun modelo social máis equitativo en xénero.

Definíanse un total de sete obxectivos operativos para dar contido a este eixe, a partir dos que se deseñaron as actuacións a emprender sendo un deles:

1. Promover a sensibilización a favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes en todos os ámbitos da vida persoal, social, laboral e familiar.

Grupo Parlamentario

Para esta tarefa, considerábase necesario incidir nas distintas instancias de socialización e de formación de opinión. Por unha banda, os medios de comunicación e por outra, o traballo coas familias, que viven unha transformación social en termos de igualdade imparable nos últimos anos. Promoción de actividades directamente relacionadas coa coeducación e que tivesen continuidade nos anos posteriores, particularmente no traballo con mozos e mozas.

Entre as accións específicas previstas para a consecución deste obxectivo incluíase:

- Reflexión e análise dos procesos que sustentan a actividade de consumo desde unha perspectiva de xénero como estímulo á mellora das actitudes de respecto aos dereitos das persoas.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal foi o número de obradoiros e/ou outras actividades que se promoveron dende o Instituto Galego de Consumo durante os anos de vixencia do VI Plan de Igualdade e dirixidas a asociacións de mulleres, especialmente do ámbito rural e de cara á mellora das actitudes de respecto aos dereitos das persoas?
2. Cantas foron as mulleres que asistiron a eses obradoiros ou actividades durante eses anos?
3. Teñen constancia de cal foi o grao de satisfacción das asistentes a estas actividades?
4. Cal é a súa valoración das accións dirixidas ás mulleres do ámbito rural realizadas polo Instituto Galego de Consumo dirixidas á mellora das actitudes de respecto aos dereitos das persoas, durante os anos de vixencia do VI Plan de igualdade?

Pazo do Parlamento, 9 de outubro de 2017

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 09/10/2017 12:59:55

María Dolores Toja Suárez na data 09/10/2017 13:00:01

Jóse Manuel Pérez Seco na data 09/10/2017 13:00:08

Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/10/2017 13:00:18

José Antonio Quiroga Díaz na data 09/10/2017 13:00:24

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/10/2017 13:00:31

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 09/10/2017 13:00:35

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/10/2017 13:00:42

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, M^a Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco, Abel Losada Alvarez, José Antonio Quiroga Díaz, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Na presentación do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015, se subliñaba o interese en conseguir *máis e mellores resultados na aplicación práctica deste valor fundamental da democracia*.

Máis das tres cuartas partes das actuacións contidas na planificación de dito plano incorporaban cambios ou eran novas respecto ao que se estaba a facer en anos anteriores. Así mesmo, se anunciaba a intención de levar a cabo un grande esforzo de coordinación interdepartamental para intensificar o enfoque multidisciplinar e a perspectiva de xénero nas diferentes políticas públicas que afectan á igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

Isto levou a destacar o empeño nun eixe estratéxico que se titulaba “Cambio de valores e modelos para a igualdade”, e que buscaba remover os valores, actitudes e estereotipos que sustentan un clima social tolerante coa desigualdade entre mulleres e homes, así como con calquera acción ou inacción que teña como consecuencia un acto discriminatorio ou violento por razón de sexo, afianzando a toma de conciencia da sociedade sobre a necesidade de traballar na consolidación dun modelo social máis equitativo en xénero.

Definíanse un total de sete obxectivos operativos para dar contido a este eixe, a partir dos que se deseñaron as actuacións a emprender sendo un deles:

7. Mobilizar a toma de conciencia social sobre a problemática da violencia de xénero e a responsabilidade compartida da cidadanía na súa erradicación.

Grupo Parlamentario

Para acadar este obxectivo tratábase de incidir na concienciación e sensibilización social, así coma na necesidade da implicación de toda a sociedade na súa eliminación. Traballar na sensibilización, prevención e formación en distintos ámbitos e dirixida a diversos colectivos.

Entre as accións específicas previstas para a consecución deste obxectivo incluíase:

- Realización de obradoiros para reflexionar sobre a violencia de xénero implícita na publicidade, como vía de transmisión de valores e socialización diferencial.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal foi o número de obradoiros que se promoveron dende o Instituto Galego de Consumo durante os anos de vixencia do VI Plan de igualdade e dirixidas a asociacións de mulleres, especialmente do ámbito rural co fin de reflexionar sobre a violencia de xénero implícita na publicidade, como vía de transmisión de valores e socialización diferencial?
2. Cantas foron as mulleres do rural que asistiron a eses obradoiros ou actividades durante eses anos?
3. Teñen constancia de cal foi o grao de satisfacción das asistentes a estes obradoiros?
4. Cal é a valoración que dende o Goberno se fai dos obradoiros que dende o Instituto Galego de Consumo e dirixidas especialmente ás mulleres do ámbito rural, se emprenderon de cara a reflexionar sobre a violencia de xénero implícita na publicidade, como vía de transmisión de valores e socialización diferencial, e durante os anos de vixencia do VI Plan de igualdade?

Pazo do Parlamento, 9 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

 Grupo Parlamentario

María Luisa Pierres López na data 09/10/2017 13:09:47

María Dolores Toja Suárez na data 09/10/2017 13:09:53

Jóse Manuel Pérez Seco na data 09/10/2017 13:10:00

Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/10/2017 13:10:06

José Antonio Quiroga Díaz na data 09/10/2017 13:10:13

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/10/2017 13:12:29

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 09/10/2017 13:12:36

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/10/2017 13:12:43



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 13:27
Nº Rexistro: 18487
Data envío: 09/10/2017 13:27:20.679

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita.

O parque forestal de Castiñeiras, situado en terreos das comunidades de Montes de Vilaboa, Santa Cristina de Cobres e Xan Xulián de Marín, está a experimentar un grave deterioro e abandono ao longo dos últimos anos.

Segundo denunciou a directiva da comunidade de montes de Vilaboa a Xunta de Galiza está a incumprir o convenio asinado no 2001, con 30 anos de vixencia, que obriga á administración autonómica a desenvolver un plan anual de actuación nas máis de 20 hectáreas conveniadas. Esta situación foi comunicada pola comunidade de montes en repetidas ocasións, sen que haxa ningunha resposta por parte da consellaría de medio ambiente.

O estado de deterioro do parque é evidente e vai cada vez a máis, o que está a causar tamén as queixas das persoas que se achegar ao lugar. As principais mostras de abandono son as seguintes:

a) Falta de coidado e de tratamento do xardín botánico e das zonas arboradas. Non se fan podas, nin tratamentos silvícolas nin retirada de árbores danadas ou secas.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 13:27
Nº Rexistro: 18487
Data envío: 09/10/2017 13:27:20.679

b) A lagoa artificial, o elemento máis emblemático do parque, está practicamente seca. Non se fixeron traballos de mantemento nin se repararon as fendas do muro.

c) O valado de madeira que rodea a área do parque está deteriorado e en moitas zonas está derrubado no chan ou non existe.

d) Unha senda de terra que se arranxou o ano pasado ten varios puntos en mal estado pola acción das chuvias e as escorrentías.

e) O mobiliario está deteriorado e en mal estado.

f) Os baños precisan mellorar o mantemento e limpeza

g) As zonas dedicadas a mesas e asadoiros están en moitas partes invadidas pola maleza e case non se ven.

h) Deficiente sinalización tanto nos accesos como no propio parque.

Por outra parte, nos terreos do parque existe unha importante área arqueolóxica formada por un conxunto de mámoas que precisa tamén de mantemento, limpeza e promoción.

Esta situación de deterioro, declive e abandono vaise ver acrecentada polo traslado ao concello de Cotobade do Centro de Recuperación de Aves que ata agora estaba ubicado no parque de Castiñeiras, en terreos do concello de Marín.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 13:27
Nº Rexistro: 18487
Data envío: 09/10/2017 13:27:20.679

Tendo en conta a gravidade do estado en que se encontra o parque, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como valora a Xunta de Galiza o estado de abandono e deterioro do parque de Castiñeiras, situado nos concellos de Marín e Vilaboa?

2. Por que a Xunta de Galiza incumpre o convenio asinado coa comunidade de montes de Vilaboa, titular de parte dos terreos, e que obrigan a desenvolver os correspondentes plans anuais de conservación?

3. Ten previsto o goberno galego desenvolver algunha actuación neste parque para que recupere o bo estado que o convertiu nun importante foco de atracción de visitantes no pasado?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2017

Asdo.: Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 13:27
Nº Rexistro: 18487
Data envío: 09/10/2017 13:27:20.679

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/10/2017 13:13:17

María Montserrat Prado Cores na data 09/10/2017 13:13:24

Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2017 13:13:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/10/2017 13:13:27

Olalla Rodil Fernández na data 09/10/2017 13:13:29

Noa Presas Bergantiños na data 09/10/2017 13:13:30

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, M^a Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco, Abel Losada Alvarez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Na presentación do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015, se subliñaba o interese en conseguir *máis e mellores resultados na aplicación práctica deste valor fundamental da democracia*.

Máis das tres cuartas partes das actuacións contidas na planificación de dito plano incorporaban cambios ou eran novas respecto ao que se estaba a facer en anos anteriores. Así mesmo, se anunciaba a intención de levar a cabo un grande esforzo de coordinación interdepartamental para intensificar o enfoque multidisciplinar e a perspectiva de xénero nas diferentes políticas públicas que afectan á igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

Isto levou a destacar o empeño nun eixe estratéxico que se titulaba “Participación activa das mulleres na sociedade”, e que buscaba promover a plena participación das mulleres en condicións de igualdade cos homes en todas as esferas e estruturas da sociedade, así como o equilibrio entre sexos en materia de representación e influencia en todos os niveis dos procesos de toma de decisións, favorecendo o intercambio de experiencias, a colaboración mutua e o uso das novas tecnoloxías.

Definíanse un total de cinco obxectivos operativos para dar contido a este eixe, a partir dos que se deseñaron as actuacións a emprender sendo un deles:

3. Estimular un crecemento máis rápido no coñecemento e uso das novas tecnoloxías por parte das mulleres e diminuír a fenda dixital existente en relación cos homes.

Grupo Parlamentario

E para tal fin, considerábase preciso divulgar os beneficios e as potencialidades das novas tecnoloxías e Internet entre a poboación feminina, co obxecto de estimular o seu interese.

Por este motivo, para conquistar este obxectivo, entre as accións específicas previstas, e especialmente dirixidas ás mulleres rurais, incluíase:

- Capacitación das mulleres no uso avanzado das novas tecnoloxías na súa vida cotiá e como instrumento de participación social.
- Realización de accións formativas en materia de novas tecnoloxías considerando as necesidades especiais dos grupos de mulleres que presentan un maior descoñecemento ou dependencia das mesmas coa implicación do voluntariado dixital.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal foi o número de accións de capacitación realizadas por tipoloxía e impartidas pola Secretaría Xeral da Igualdade durante os anos de vixencia do VI Plan de igualdade? Cantas foron as mulleres formadas a través destas accións?
2. Cal foi o número de apoios dixitais deseñados e postos en marcha dirixidos especificamente a mulleres rurais por parte da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e durante os anos de vixencia do VI Plan de igualdade? Cal foi o número de entidades de acción voluntaria que traballaron coas mulleres? Que número de persoas colaboraron como voluntarias dixitais? Cantas foron as mulleres usuarias que recibiron apoios dixitais das persoas voluntarias?

Grupo Parlamentario

3. Cal é a valoración que dende o Goberno se fai das accións desenvolvidas de cara a conquistar o obxectivo de “Estimular un crecemento máis rápido no coñecemento e uso das novas tecnoloxías por parte das mulleres, especialmente das do rural, e diminuír a fenda dixital existente en relación cos homes ”e durante os anos de vixencia do VI Plan de igualdade?

Pazo do Parlamento, 9 de outubro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
M^a Dolores Toja Suárez
José Manuel Pérez Seco
Abel Losada Alvarez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 09/10/2017 13:27:45

María Dolores Toja Suárez na data 09/10/2017 13:27:50

Jóse Manuel Pérez Seco na data 09/10/2017 13:27:58

Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/10/2017 13:28:04

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/10/2017 13:28:10

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 09/10/2017 13:28:16



 [Grupo Parlamentario](#)

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/10/2017 13:28:21

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, M^a Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Na presentación do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015, se subliñaba o interese en conseguir máis e mellores resultados na aplicación práctica deste valor fundamental da democracia.

Máis das tres cuartas partes das actuacións contidas na planificación de dito plano incorporaban cambios ou eran novas respecto ao que se estaba a facer en anos anteriores. Así mesmo, se anunciaba a intención de levar a cabo un grande esforzo de coordinación interdepartamental para intensificar o enfoque multidisciplinar e a perspectiva de xénero nas diferentes políticas públicas que afectan á igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

Isto levou a destacar o empeño nun eixe estratéxico que se titulaba “Aproveitamento do talento feminino”, e que buscaba potenciar unha participación máis ampla e diversa das mulleres no desenvolvemento económico e social de Galicia, aproveitando o talento, a experiencia e a visión deste valioso capital humano para aumentar as bases dun tecido produtivo máis innovador e competitivo e cada vez máis internacionalizado; fomentando ao mesmo tempo unha organización empresarial máis comprometida coa igualdade de xénero.

Definíanse un total de seis obxectivos operativos para dar contido a este eixe, a partir dos que se deseñaron as actuacións a emprender sendo un deles:

5. Potenciar o desenvolvemento profesional e o empoderamento das mulleres rurais en todos os posibles ámbitos da actividade económica.

Grupo Parlamentario

O Informe sobre igualdade do Parlamento Europeo do ano 2011, consideraba que “as taxas de emprego son inferiores nas zonas rurais e ademais unha gran cantidade de mulleres non figura no mercado laboral oficial e, polo tanto, non están rexistradas como desempregadas nin incluídas nas estatísticas de desemprego, o que ocasiona problemas financeiros e xurídicos específicos relacionados co dereito aos permisos de maternidade ou as baixas por enfermidade, a adquisición dos dereitos de pensión e o acceso á seguridade social, así como problemas en caso de divorcio, considerando tamén que as zonas rurais resultan prexudicadas pola falta de emprego de alta calidade”.

Por este motivo, para conquistar este obxectivo , entre as accións específicas previstas incluíase:

- Realización dun estudo que analice o potencial de diversificación da actividade económica no rural como oportunidade de negocio para as mulleres emprendedoras e empresarias.
- Fomento do coñecemento e implantación da titularidade compartida das explotacións agrarias como medida para recoñecer e dar visibilidade á participación das mulleres no desenvolvemento rural.
- Apoio ás mulleres para o acceso á terra con vocación agraria e a mellora das súas capacidades produtivas.
- Apoio á realización de proxectos empresariais e ao desenvolvemento profesional das mulleres do medio rural en todos os posibles ámbitos de actividade.
- Potenciamento do comercio electrónico e de novas formas de distribución como ferramenta que garanta a viabilidade das iniciativas económicas das mulleres no rural.
- Consideración da perspectiva de xénero e/ou de medidas de acción positiva para as mulleres nos criterios de recoñecemento de iniciativas de desenvolvemento rural (Premios Agader).

 Grupo Parlamentario

- Fomento de programas integrais de base comunitaria en zonas rurais que favorezan a inclusión social e laboral das mulleres.

- Apoio ao desenvolvemento profesional das mulleres na posta en práctica dos plans estratéxicos para o desenvolvemento sostible das zonas costeiras a través da incorporación da perspectiva de xénero, con especial atención ás áreas rurais.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Fíxose efectiva a realización do estudo que a Secretaría Xeral de Igualdade preveu no VI Plan de igualdade para a análise do potencial de diversificación da actividade económica no rural como oportunidade de negocio para as mulleres emprendedoras e empresarias? En caso de terse realizado, cal foi o número e tipo de medios de difusión utilizados? Cal o número de consultas e descargas na web?
2. Desenvolveuse por parte da Dirección Xeral de Produción Agropecuaria o Rexistro de Titularidade Compartida de Explotacións Agrarias de Galicia? Cal foi o número de entidades de titularidade compartida inscritas entre os anos de vixencia do VI Plan de igualdade? Cal o número de mulleres inscritas como cotitulares de explotacións agrarias? Cal o número e tipoloxía dos medios de difusión utilizados?
3. En relación coas medidas de apoio á realización de proxectos empresariais e ao desenvolvemento profesional das mulleres do medio rural cal foi o número total de mulleres destinatarias dos proxectos subvencionados?
4. Cal foi o número de proxectos empresariais financiados a mulleres profesionais e empresarias do medio rural e co fin de potenciar o comercio electrónico e as novas formas de distribución como ferramenta que garanta a viabilidade das iniciativas económicas das mulleres no rural?

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5. Cal foi o número de programas subvencionados pola Dirección Xeral de Familia e Inclusión coa finalidade de fomento de programas integrais de base comunitaria en zonas rurais e favorecedores da inclusión social e laboral das mulleres e durante os anos de vixencia do VI Plan de igualdade? Cantas foron as mulleres destinatarias destes programas subvencionados? Cal foi a porcentaxe de programas a favor da inclusión das mulleres sobre o total de programas subvencionados?
6. Cal é a valoración que dende o Goberno se fai das accións desenvolvidas de cara a conquistar o obxectivo de “potenciamento do desenvolvemento profesional e o empoderamento das mulleres rurais en todos os posibles ámbitos da actividade económica” durante os anos de vixencia do VI Plan de Igualdade?

Pazo do Parlamento, 9 de outubro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
M^a Dolores Toja Suárez
José Manuel Pérez Seco
José Antonio Quiroga Díaz
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

María Luisa Pierres López na data 09/10/2017 14:14:46

María Dolores Toja Suárez na data 09/10/2017 14:15:01

Jóse Manuel Pérez Seco na data 09/10/2017 14:15:06

José Antonio Quiroga Díaz na data 09/10/2017 14:15:17

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/10/2017 14:15:22

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 09/10/2017 14:15:31

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/10/2017 14:15:45

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

As listas de espera e a falta de recursos na sanidade pública en Galicia, supoñen un grave problema que está a repercutir seriamente na calidade asistencial e no dereito á saúde das galegas e galegos.

Estes días, tiñamos coñecemento da situación que está a vivir o CHUAC, coas listas de espera, a falta de persoal e o peche de camas.

No referente ás listas de espera, as de traumatoloxía están xa a sobrepasar todo tipo de límites, dándose a situación de que persoas con patoloxías crónicas como pode ser a artrose de cadeira ou de xeonllo, que precisan de cirurxía, pasen meses en espera coas complicacións médicas que isto pode supoñer.

Segundo datos recollidos na propia web do SERGAS, con data de xuño de 2017, a espera media cirúrxica é de 98 días, 20 días máis que a media do SERGAS. No caso dunha dor de cadeira, a espera dende que o paciente acude á consulta médica e se lle pide unha radiografía é de 12 a 18 meses chegando as veces aos dous anos, situación moi similar no caso da artrose de xeonllo.

As listas de espera, como xa se ten denunciado en innumerables ocasións, son un problema estrutural da sanidade pública que supón unha merma nos dereitos das e dos doentes, cunha xestión caracterizada por unha falta total de transparencia, sobre todo no que ten que ver coas persoas derivadas á sanidade privada.



Pero esta situación das listas de espera non é a única alarmante no CHUAC, xa que fai pouco coñeciamos a situación que están a vivir os enfermos de cancro co peche da unidade de oncoloxía por obras. Esta unidade debía reabrirse o 15 de setembro xunto coa de cirurxía plástica, pero a día de hoxe seguen pechadas. Os pacientes de cancro están repartidos en diferentes unidades, acollendo a maioría deles a unidade de medicina interna, que está actualmente desbordada ao non ter tampouco abertas as camas pechadas durante o verán.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

1. Cal é o motivo de non ter aínda abertas as unidades de oncoloxía a cirurxía plástica?
2. Cal é o motivo de seguir pechando camas cando se saben as consecuencias de colapso e saturación que estas decisións producen?
3. Que pensa facer a Xunta de Galicia ante os datos alarmantes sobre listas de espera na sanidade pública galega?
4. Que tipo de solución va a buscar a Xunta de Galicia para reducir os tempos das listas de espera de traumatoloxía no CHUAC?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/10/2017 18:08:49

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, M^a Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Cando as políticas de igualdade non só non avanza, se non que retroceden, as persoas que máis padecen, son as máis vulnerables.

E cando falamos de igualdade, vémonos na obriga a falar de mulleres. E son aquelas que residen máis illadas, e no rural, as que se atopan nun estado de maior vulnerabilidade. E o crecente despoboamento das áreas rurais, constatado ano a ano nas diferentes estatísticas do IGE obriga a poñer todos os esforzos, por parte da Xunta de Galicia, na situación destas mulleres do rural galego.

Tendo en conta o proceso de urbanización cada vez máis acelerado e a pirámide demográfica inversa galega, o mantemento da poboación activa, dinámica e próspera no eido rural é esencial para a fixación da poboación, conservación do medio ambiente e relevo xeracional. En todos eses ámbitos, a muller representa un papel máis que relevante. Non obstante, malia a relevancia da muller, esta atópase infrarrepresentada, fóra dos espazos de toma de decisións, invisibilizada e con máis dificultades para o acceso ao mercado laboral en comparación cos homes.

Así mesmo, as mulleres que habitan nas zonas do rural, tanto en Galicia, en España, como no resto dos Estados Membros da Unión Europea (UE), non constitúen un grupo homoxéneo nin moito menos. As súas particularidades, como as súas diferentes situacións persoais, socioeconómicas, laborais, necesidades e contribucións á sociedade en xeral, varían moito entre os distintos lugares, rexións e Estado.

Grupo Parlamentario

Polo tanto, non existe unha única estratexia a seguir, senón que cada lugar ten as súas particularidades, aínda que todas comparten, ou deberían de compartir, os mesmos eixes estratéxicos e principios.

Os diferentes plans, tanto os impulsados polo Goberno do Estado, como pola Xunta de Galicia, teñen que traballar para mellorar a situación da muller no ámbito rural en todos os aspectos, e atender a esas singularidades manifestas dun modo particular.

Por isto o Grupo Parlamentario Socialista entende que é preciso desenrolar algún tipo de ferramenta que poña especial atención e garanta os dereitos das mulleres que viven no medio rural, a fin de favorecer e promover, en particular, a súa incorporación á vida laboral, garantir o seu acceso á formación e a súa participación no desenvolvemento sostible do seu entorno.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que tipo de medidas se tomaron nos últimos tres anos de apoio ao desenvolvemento da actividade emprendedora da muller no medio rural? Cal foi o incremento detectado de mulleres emprendedoras no rural e froito da posta en marcha desas medidas?
2. Cal é a porcentaxe de mulleres que forman parte de órganos de decisión do mundo rural galego? Como valoran ese grao de presenza?
3. Consideran que o obxectivo de conquistar a **paridade en todas as institucións, asociacións, entidades e órganos de representación** do medio rural ten que ser unha prioridade para este Goberno?
4. Entenden que é preciso sensibilizar e educar en igualdade desde a infancia ás mulleres e ós homes do medio rural en Galicia, así como contribuír á prevención e erradicación de todo tipo de violencia contra as mulleres? Que accións se puxeron en marcha neste sentido nos últimos tres anos?

5. Comparten a idea de que un **Plan estratéxico de igualdade de xénero no medio rural de Galicia** suporía atender a todas estas urxentes necesidades de mellora da situación da muller galega no ámbito rural e ás súas singularidades manifestas?

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
M^a Dolores Toja Suárez
José Manuel Pérez Seco
José Antonio Quiroga Díaz
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 10/10/2017 11:11:42

María Dolores Toja Suárez na data 10/10/2017 11:11:47

Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/10/2017 11:11:54

José Antonio Quiroga Díaz na data 10/10/2017 11:12:01

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/10/2017 11:12:08

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 10/10/2017 11:12:13

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/10/2017 11:12:18



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2017 12:49
Nº Rexistro: 18563
Data envío: 10/10/2017 12:49:20.648

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O xulgado de reforzo para cláusulas chan de Vigo recibiu en pouco máis de 4 meses máis de 1.700 demandas, o que supón unha carga de traballo do dobre dun xulgado normal. Esta realidade, unida á insuficiencia de medios humanos, está a levar a unha situación de acumulación que vai ter como consecuencia un considerábel retraso na tramitación dos expedientes.

Este elevado volume de traballo levou ao xuíz decano de Vigo a solicitar a creación dun segundo xulgado, así como conceder unha persoa letrada da administración de xustiza xa que actualmente compártea co xulgado de primeira instancia número 14. Asemade, reclamou máis persoal para o xulgado de reforzo dada o grande volume de traballo e a complexidade dos asuntos que tramita.

Tendo en conta a actual carga de traballo, e se non se toman medidas como as sinaladas, a tramitación das demandas pode demorarse até mediados de 2019, ou máis alá desta data no caso de que haxa recursos.

Máis alá das causas desta situación, que teñen que ver coa nefasta xestión por parte do goberno do Estado e do goberno galego de todo o relacionado coas cláusulas chan, a lexislación hipotecaria e a resposta á sentenza do Tribunal de Xustiza da UE, as administracións públicas teñen que habilitar os medios para evitar que o colapso na



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2017 12:49
Nº Rexistro: 18563
Data envío: 10/10/2017 12:49:20.648

tramitación das demandas xere un novo prexuízo para as persoas que xa foron vítimas dos abusos da banca.

Ante esta situación fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Que valoración fai o goberno galego da situación de colapso que se está a producir nos xulgados especiais de cláusulas chan, nomeadamente no de Vigo e A Coruña?
2. Que medidas prevé adoptar o goberno galego para facerlle fronte a esta situación?
3. Comparte a Xunta de Galiza as peticións formuladas polo xuíz decano de Vigo en relación coa situación do xulgado especial desta cidade?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2017 12:49
Nº Rexistro: 18563
Data envío: 10/10/2017 12:49:20.648

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 10/10/2017 12:47:46

María Montserrat Prado Cores na data 10/10/2017 12:47:52

Ana Pontón Mondelo na data 10/10/2017 12:47:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/10/2017 12:47:55

Olalla Rodil Fernández na data 10/10/2017 12:47:57

Noa Presas Bergantiños na data 10/10/2017 12:47:58



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2017 12:59
Nº Rexistro: 18566
Data envío: 10/10/2017 12:59:54.018

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O Arquivo Histórico Provincial de Ourense é un centro situado no casco vello da capital ourensá e que recibe, custodia e difunde o patrimonio documental da provincia de Ourense. Aínda que de titularidade estatal, a súa xestión está transferida desde o ano 1989 á comunidade galega e actualmente depende organicamente do Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en Ourense e funcionalmente da Subdirección Xeral de Arquivos, dentro da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Situado nun enclave excepcional, no edificio que foi sede do antigo pazo episcopal, custodia 221 de diferente orixe, maioritariamente privada. Segundo consta na súa información pública, o Arquivo “abre 12 horas diarias e presta servizo a toda clase de usuarios, que acoden ou se dirixen a el por motivos administrativos, de investigación histórica ou culturais, no máis amplo senso da palabra”.

O pasado 9 de outubro de 2017 fíxose público a través das redes sociais do Arquivo que “Ata novo aviso, polas tardes o servizo de consulta en sala do Arquivo Histórico Provincial de Ourense prestarase previa demanda realizada durante o día anterior ou, se as circunstancias do servizo o permiten, na mañá do mesmo día.” sen



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2017 12:59
Nº Rexistro: 18566
Data envío: 10/10/2017 12:59:54.018

colgarse información adicional da páxina web dependente da Xunta de Galiza <http://arquivosdegalicia.xunta.gal>. Anteriormente, acontecera que a finais de setembro se anunciou “Por circunstancias sobrevidas, o vindeiro luns 2 de outubro o servizo en sala do Arquivo Histórico Provincial de Ourense prestarase de 8:30 a 14:30 h”. Neste sentido, alén da axilidade da información dispoñíbel nas redes sociais, cómpre apuntar a importante labor de difusión do patrimonio arquivístico ourensá por este medio do Arquivo. Porén, desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego gustaríanos obter máis información.

Cómpre recordar que a cidade de Ourense, alén de albergar asociacións e colectivos que traballan a historia da cidade e do país, tamén acolle unha das facultades galegas nas que se cursa a carreira de Historia. Ademais, é frecuente que investigadores se despracen ata este arquivo tamén para levar a cabo consultas. Consideramos, pois, que a falta de información sobre este peche pode causar molestias e ademais produce unha importante inquedanza nunha cidade que xa está despoxada do libre acceso e uso do Museo Arqueolóxico.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Cal é a previsión de apertura en horario de mañá e tarde do Arquivo Histórico Provincial de Ourense?

A que se debe o anuncio do día 9 de outubro de 2017? Canto tempo durou ou vai durar esta alteración? Cales son as razóns para non publicar ou demorar a publicación desta alteración na páxina web? Coñece o goberno galego algunha queixa motivada por esta situación?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2017 12:59
Nº Rexistro: 18566
Data envío: 10/10/2017 12:59:54.018

Ten relación esta interrupción coa previsión de desinfectación para o 13 de outubro que xa fora anunciada?

Afectou ou vai afectar a actividades programadas como a visita guiada ao arquivo histórico provincial de Ourense no marco do festival Espazos sonoros?

Diminuíu ou vai diminuír o horario de atención ao público por falta de persoal? Considera o goberno galego que o persoal é suficiente?

Ten previstas o goberno galego medidas e actuacións para aumentar as actividades divulgativas deste arquivo?

Ten avaliado ou vai avaliar o goberno galego o impacto da difusión dos contidos deste e doutros arquivos galegos nas redes sociais? Ten previsto ou vai previr medidas para estendelo? Ten pensado dotar recursos para este fin?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2017 12:59
Nº Rexistro: 18566
Data envío: 10/10/2017 12:59:54.018

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 10/10/2017 12:59:08

María Montserrat Prado Cores na data 10/10/2017 12:59:14

Ana Pontón Mondelo na data 10/10/2017 12:59:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/10/2017 12:59:18

Olalla Rodil Fernández na data 10/10/2017 12:59:19

Xosé Luis Bará Torres na data 10/10/2017 12:59:21



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita, **relativa á execución dos orzamentos da Axencia Galega de Innovación en 2016**.

O Goberno da Xunta de Galicia e o Grupo Parlamentario do Partido Popular que a sostén non paran de falar da súa aposta decidida polo I+D+i como eixo vertebrador do desenvolvemento industrial de Galicia.

Nesta liña, alardean de que Galicia é a cuarta autonomía onde a innovación crece a maior ritmo. É coma se a nai dun neno que mide 1 metro, e creceu 10 cm no último ano, lle dixese a Pau Gasol que o seu fillo creceu un 10% e por iso está máis capacitado ca el, que non creceu nada, para xogar na NBA.

A realidade é que Galicia está no furgón de cola en España xunto con Murcia, A Ríoxa ou Estremadura, cun investimento do 0,87 % en relación ao seu PIB. Estamos a anos luz do País Vasco que inviste un 2,12%, da media da Europa 28, que inclúe os países do Leste, cun 2,03%, e xa non digamos dos países con industrias de maior valor engadido como Suecia, Finlandia, Dinamarca, Alemaña ou Austria que superan o 3%. Unha industria claramente envorcada cara á competitividade e a exportación como pode e debe de ser a galega ten que dar pasos decididos para chegar canto antes ao limiar do 2%. Vainos niso o futuro do noso País e das novas xeracións de galegas e galegos cun alto nivel de formación.



Mais a realidade é toda a contraria, o programa de Investigación, Desenvolvemento e Innovación reduciuse desde 2009 nun 15%. Pero, ademais, hai gato encerrado, porque non só se reduce de maneira moi importante un orzamento que debería crecer máis que ningún, se non que ano tras ano non se executa en porcentaxes moi importantes, sempre superiores ao 20%. Estimamos que nestes 9 anos de goberno do PP deixáronse de executar neste programa máis de 230 M€.

Como reseñábamos nos debates dos orzamentos de 2017, outro dato elocuente e moi desalentador é que a Axencia Galega de Innovación deixou en 2015 o 37% do seu orzamento sen comprometer, 17 M€. Isto que é desidia, incompetencia? ou un plan premeditado de dotar propagandisticamente uns orzamentos que non hai intención de executar na súa totalidade.

No Goberno atoparon unha maneira, moi creativa, de non evidenciar as faltas de execución do orzamento. “Xa que non imos executalo, a maneira de enmascaralo é a base de facer modificacións de orzamento durante o exercicio”. Desta maneira, e despois de analizar o peche orzamentario do 2016 da Axencia Galega de Innovación, presentado a esta Cámara, compróbase que se fixeron modificacións de crédito no seu orzamento por valor de máis de 10 M€, un 17,5%. Sendo moi rechamante a redución nas transferencias de capital que se reduciu un 25%.

Con todas estas reducións o crédito orzamentario para o exercicio quedou en 50,2 M€, pero só se autorizaron gastos por importe de 45,4 M€ co que o incumprimento do orzamento aprobado no Parlamento de Galicia alcanza o 25,5%.



Finalmente, destes 45,4 M€ de gastos autorizados, recoñécense obrigacións por importe de 38 M€, co que o orzamento realmente executado e trasladado á economía de Galicia para actividades de I+D+i é un 38% inferior ao orzamentado.

Ante todo o exposto, **En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:**

- 1.- A que se dedicaron os 10,7 M€ deducidos do orzamento de 2016 da Axencia Galega de Innovación por modificación de crédito?
- 2.- Por que motivo se realizou esta modificación de crédito?
- 3.- Por que se deixaron sen executar 4,8 M€ do orzamento que xa fora reducido en 10,7 M€?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 10/10/2017 16:32:09



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2017 17:08
Nº Rexistro: 18599
Data envío: 10/10/2017 17:08:14.386

Á Mesa do Parlamento


Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre as actuacións que debe adoptar a Xunta de Galiza arredor da edición do libro en galego.

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte do Goberno español publicou o informe sobre a situación do sector editorial no conxunto do estado correspondente ao ano 2016 titulado *Panorama da edición de libros*.

Neste documento constátase a perda de peso do libro en lingua galega a respecto doutras linguas propias. E é que, mentres se editaron 1.211 títulos en galego, o 13% menos que o ano anterior, o libro editado en catalán continúa en ascenso (+7,2%) salientando o grande incremento daquel outro editado en euskera que aumentou o 34,5% en relación ao ano 2015.


Pola contra, Galiza continúa a reducir a edición na súa lingua malia incrementarse o 5,4% o número de libros rexistrados no seu conxunto, é dicir, independentemente da lingua, no ISBN. Así pois, o galego representa apenas o 1,5% das publicacións realizadas no Estado español.

Gráfico 4. ISBN según lenguas de publicación



Por subsectores, os libros de texto continúan encabezando a porcentaxe de edición (34,7), seguida da creación literaria (29%), literatura infantil e xuvenil (16,7%) e as ciencias sociais e humanidades (14,2%).

Gráfico 7. Evolución de los ISBN en gallego





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2017 17:08
Nº Rexistro: 18599
Data envío: 10/10/2017 17:08:14.386

Os datos fornecidos polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte español constatan a progresiva merma do uso da lingua galega no sector editorial como reflicten as táboas incluídas no devandito informe. Tanto é así que a evolución dos títulos rexistrados no ISBN en galego sitúanse en 2016 (1.211) por baixo das cifras que se rexistraban o ano no que foi aprobada a Lei do Libro e da lectura de Galiza, en 2007.

Unhas cifras sobre as que alertaba xa o Consello da Cultura de Galiza no seu informe *O libro e a edición en Galiza* (2016) e que motivou diversas iniciativas por parte do grupo parlamentario do BNG nesta lexislatura.

Cómpre lembrar que Galiza conta cunha Lei do libro e da lectura desde o ano 2007 na que se prevén medidas concretas para o impulso do sector editorial e tamén da promoción da lectura entre a poboación, nomeadamente entre as faixas de idade máis novas.

Así mesmo, inclúe a creación do Consello Asesor do Libro cuxa primeira xuntanza tivo lugar en 2008. Este órgano ten como encomendas analizar a situación do sector e propor iniciativas para melloralas. Porén, desde a chegada do Partido Popular á Xunta de Galiza no ano 2009 apenas foi convocado en abril de 2010. Nunca máis se reuniu. Alén diso, a Consellaría de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria anunciou en abril de 2013 que implementaría o Plan director do libro durante a pasada lexislatura. Porén, catro anos despois continuamos sen saber nada del.

Tamén cómpre sinalar que o programa orzamentario dirixido á Promoción da edición do libro en galego (432A) previsto nas contas de 2017 reduciuse en 200 mil euros en relación ao anterior exercicio o que reflicte o escaso ou nulo interese da Consellaría de Educación, Cultura e O.U. por este sector e tamén pola normalización de usos da lingua galega.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2017 17:08
Nº Rexistro: 18599
Data envío: 10/10/2017 17:08:14.386

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación na que se atopa o sector editorial do noso país e concretamente a edición en lingua galega?

- Que opinión lle merece que a edición en galego caia o 13% entre 2015 e 2016 mentres en Euskadi se incrementou o 34%?

- Por que a Xunta non desenvolveu nos últimos dez anos a Lei do libro e da lectura de Galiza aprobada polo Parlamento galego en 2007?

- Por que non se aprobou, malia ter sido anunciado en 2013, o Plan do libro? Pensa a Xunta de Galiza aprobalo nesta lexislatura?

- Por que non se convocou o Consello Asesor do libro desde 2010? Pensa convocalo a Consellaría de Educación e Cultura despois dos datos publicados?

- Que medidas ten pensado adoptar o Goberno galego para pular pola edición en galego?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2017 17:08
Nº Rexistro: 18599
Data envío: 10/10/2017 17:08:14.386

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/10/2017 17:06:23

María Montserrat Prado Cores na data 10/10/2017 17:06:28

Ana Pontón Mondelo na data 10/10/2017 17:06:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/10/2017 17:06:30

Noa Presas Bergantiños na data 10/10/2017 17:06:32

Xosé Luis Bará Torres na data 10/10/2017 17:06:33



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2017 17:30
Nº Rexistro: 18617
Data envío: 10/10/2017 17:30:30.121

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

O proxecto de orzamentos do Estado para o ano 2017 supuxeron un agravio e unha discriminación sen precedentes a Galiza que perde 442 millóns de euros en investimentos. O descenso do investimento territorializado en Galiza foi o segundo máis intenso de todo o Estado termos absolutos, e o terceiro máis intenso en termos relativos. Máis aínda, nunca no presente século se producirá un descenso tan intenso do investimento en Galiza, tanto en termos absolutos, cun descenso de 442,65 millóns de euros, como en termos relativos, cun descenso do 33%. É dicir, o investimento en Galiza pasou a reducirse até nun terzo nun só ano. Por primeira vez en catorce anos, a previsión de investimento en Galiza é inferior aos mil millóns de euros.

Malia estas circunstancias, o goberno da Xunta de Galiza e o seu Presidente non se dirixiron ao goberno central para rectificar sobre este asunto e, de feito, as e os deputados en Madrid do Partido Popular votaron favorabelmente o Proxecto de Orzamentos referido. Con todo, diante da imposibilidade de ocultar o recortazo que se estaba a asumir, o presidente da Xunta de Galiza anunciou o 5 de abril de 2017, en presenza da ministra Dolor Monserrat, a creación dun comité ou comisión de seguimento para fiscalizar a execución orzamentaria do goberno central así como a progresión dos investimentos prometidos. O propio presidente da Xunta afirmou diante



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2017 17:30
Nº Rexistro: 18617
Data envío: 10/10/2017 17:30:30.121

dos medios de comunicación que de non materializarse estaríamos diante dun orzamento “decepcionante”.

Na primeira semana de outubro de 2017, coñecido o aprazamento dos orzamentos para 2018, a portavoz do grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, Ana Pontón, incluíu esta comisión no curso do debate sen obter ningún comentario ao respecto por parte do Presidente. Máis aínda, á Comisión 3ª do Parlamento, encargada de asuntos relacionados coa economía e os orzamentos, non lle foi comunicada información referida ao asunto nin veu comparecer voluntariamente ningún membro do goberno.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Cales son as conclusións da comisión de seguimento dos orzamentos do Estado anunciada por Feijóo en abril de 2017?

Con que data comezou a traballar o comité? Cantas veces se reuniu? Quen foron finalmente as e os seus membros?

Existen actas destas reunións? Que tipo de información manexan para avaliar o grao de cumprimento do Estado? É a mesma dispoñíbel publicamente por parte dos organismos do Estado ou ten solicitado a consellaría de Facenda información específica ao goberno central? Con que resultado?

Considera o goberno galego que foi “decepcionante” o resultado das previsións orzamentarias e de investimento do goberno central para os orzamentos 2017?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2017 17:30
Nº Rexistro: 18617
Data envío: 10/10/2017 17:30:30.121

Considera o goberno galego que se compensou o desinvestimento da anterior lexislatura?

Que porcentaxe de investimento estatal ten a comunidade galega a día de hoxe?

Coñece o goberno galego cal é o grao de cumprimento por Ministerios? E por provincias?

Ten pensado o goberno galego elaborar algún tipo de informe e dar o seu traslado ao Parlamento?

Cal será a estratexia negociadora do noso país para os vindeiros orzamentos do Estado?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2017 17:30
Nº Rexistro: 18617
Data envío: 10/10/2017 17:30:30.121

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 10/10/2017 17:28:10

María Montserrat Prado Cores na data 10/10/2017 17:28:15

Ana Pontón Mondelo na data 10/10/2017 17:28:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/10/2017 17:28:19

Olalla Rodil Fernández na data 10/10/2017 17:28:20

Xosé Luis Bará Torres na data 10/10/2017 17:28:21

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Recentemente, nunha visita á parroquia de Razo, polo Grupo Municipal Socialista de Carballo, detectáronse danos graves na calzada do viario (Sta Mariña) que bordea a praia de Razo desde a altura do número 15 até o número 20.

Avanzando aínda máis na vía, na zona coñecida como "baixada da Cabreira" atopáronse con que os derrubes son aínda máis importantes e notorios, dando a impresión de que algún noiro está a piques de derrubarse sobre a praia en calquera momento.

Ante tal panorama, regresaron tres días máis tarde en compañía dunha xeóloga e un enxeñeiro de minas, os cales confirmaron o que nos temíamos: que a posibilidade de derrube é inminente, cun alto perigo para a vida dos usuarios que nese momento se atope na praia.

Ambos recomendaron a aplicación de medidas urxentes de consolidación e contención no noiro que está á altura do “Náutico” (número 15 da vía), entre outros. Sinalaron ademais os puntos inestables e deteriorados dos antigos muros provisionais a pé de praia. Nalgúns casos as simples vibracións do tráfico rodado ou a chegada dun novo temporal, poden bastar para desencadear o derrube.

En canto aos desprazamentos na baixada da Cabreira, indicaron que neste caso os danos son irreparables, que non ven posible conter o gran desprazamento do terreo froito da erosión natural e que é cuestión de tempo (pouco tempo) que toda aquela zona se derrube sobre a praia.

Grupo Parlamentario

Así mesmo, segundo o consello de ambos técnicos, a solución ao problema sería realizar un derrube controlado e logo un rebo, que así mesmo estiman moi laborioso.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A situación que consideramos de alarma, non é cuestión de suposición ou especulación, senón baseada na opinión dos técnicos experimentados e con alta cualificación.

Ademais desgraciadamente, aínda están na memoria de todos varios casos similares e cun desgraciado final, como aquel ocorrido na praia Maria Luisa do Algarve, no sur de Portugal, coa trágica morte de 5 persoas, no verán do 2009.

Ante esta situación as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Coñece o Goberno galego a grave situación na que se atopa a zona que abarca do número 15 ao 20 do viario Sta Mariña que bordea a praia de Razo?

2ª) Ten realizado algunha xestión co Goberno de España, en concreto con Demarcación de Costas para solicitarlle que tome medidas urxentes de consolidación de noiros na zona que abarca do número 15 ao 20 do viario Sta Mariña que bordea a praia de Razo?

3ª) Ten realizado algunha xestión co Goberno de España, en concreto coa Demarcación de Costas para solicitarlle que de forma inmediata sinalice e protexa o acceso ás zonas con risco de derrube inminente?

4ª) Ten realizado algunha xestión, para emprender as tarefas necesarias para sinalar e restrinxir o acceso á zona máis perigosa da baixada da Cabreira, e inmediatamente emprender as tarefas para eliminar tan grave risco para a vida das persoas usuarias da praia?

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2017

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 10/10/2017 17:58:13

Raúl Fernández Fernández na data 10/10/2017 17:58:26

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/10/2017 17:58:35

María Luisa Pierres López na data 10/10/2017 17:58:42

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O colectivo de membros de Servizo de Gardacostas, vén de manifestar o seu malestar e rexeitamento en relación co Decreto de funcións aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o pasado día 28 de xullo, ao seu xuízo cheo de contradicións, e irregularidades, e pretendendo unicamente a blindaxe dos cargos de libre designación, no obxectivo de impor un modelo xerárquico non por capacidade, mérito ou concurso oposición senón baseado en criterios de afinidade política ou arrimo.

Entre as irregularidades resaltamos o feito de que a partir deste decreto a Consellaría poderá nomear ao subdirector e aos tres xefes de servizo libremente, e ser ocupadas as ditas prazas por persoal alleo ao servizo de Gardacostas, cando a Lei de Gardacostas deixa ben claro que este persoal debe pertencer ao Servizo, pero máis irregular é o feito de que o persoal que ocupe estes postos pasarán a ser dotados das atribucións propias de axente de autoridade, con uniforme, placa, insignia e carné profesional sen pasar por ningún tipo de oposición.

Non se tiveron en conta na mesa de negociación, as peculiaridades do traballo levado a cabo: quendas, festivos e fins de semana, ou que a maioría do persoal adscrito ao Servizo de Protección de Recursos (escala de axentes) realizan labores a bordo de embarcacións desenvolven labores de inspección, salvamento e loita contra a contaminación, sen ningún tipo de contra prestación con respecto ao colectivo de persoal alleo á Administración onde o persoal das embarcacións que xestiona Remolcanosa adscritos ao ISM contan con coeficientes redutores.

Entendemos que este decreto pretende blindar os postos de libre designación, non supón ningunha mellora para o Servizo, non se ten en conta a singularidade do traballo, ni a precariedade nin a dispoñibilidade, nin maiores dereitos, como o dereito de redución da idade de xubilación que se reconece en traballos similares, aumenta o modelo de xerarquización dixital, precariza as competencias dos axentes pretendendo que actúen baixo mando e non como axente da autoridade

Grupo Parlamentario

con independencia e criterio propio en aplicación da lexislación pesqueira, e non baixo a tutela do xefe operativo dixital que acata os criterios da persoa que o nomeou ou do grupo político que governe nese momento. E incluso chega ao extremo de que os vixilantes-mariñeiros teñan que realizar labores de limpeza a bordo da embarcación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) É coñecedor o Goberno galego do malestar e do rexeitamento xerado nos colectivos de membros do Servizo de gardacostas en relación co Decreto de funcións aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o pasado día 28 de xullo?

2ª) Que melloras considera o Goberno galego que aporta a aprobación deste decreto?

3ª) Que valoración fai o Goberno galego en canto a que non se tivo en conta a singularidade, a precariedade e a dispoñibilidade que implica o traballo, así como o dereito á redución da idade de xubilación que se recoñece en traballos similares?

4ª) Que valoración fai o Goberno galego en canto ao modelo de xerarquización, e ao aumento da precarización das competencias dos axentes?

5ª) Que opinión lle merece ao Goberno galego que os patróns e os mecánicos poidan acceder á escala executiva, operativa ou de axentes, en función do título que posúan, e non por concurso oposición?

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 10/10/2017 18:25:56

Julio Torrado Quintela na data 10/10/2017 18:26:07

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021, elaborado pola Xunta de Galicia, contén catro obxectivos, cinco Retos e catro Eixes de desenvolvemento e liñas estratéxicas.

O dito Plan director establece como obxectivos:

- Protexer e preservar o Camiño para garantir a pervivencia da súa identidade e a posta en valor do seu patrimonio cultural e natural.
- Responder ás necesidades do peregrino do S.XXI, ofrecendo unha excelente hospitalidade na acollida e favorecendo unha experiencia de calidade durante toda a súa peregrinación.
- Fomentar a cohesión social e o equilibrio territorial.
- Seguir constituíndo a identidade universal de Galicia e de Europa “

O Plan tamén establece os eixes de desenvolvemento:

EIXO 1.GOVERNANZA
EIXO 2. XESTIÓN
EIXO 3. USO
EIXO 4. DIFUSIÓN

E, dentro de cada eixe de desenvolvemento, establécense as liñas estratéxicas co seu plan de actuación, eixo, obxectivo, axentes implicados e accións a impulsar. Así, os concellos aparecen como axentes implicados dentro de varias das liñas estratéxicas do Plan, sendo uns dos actores máis importantes para o correcto desenvolvemento deste plan.

 Grupo Parlamentario

Por iso a deputada e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª) Cal é o nivel de desenvolvemento do Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021?

2ª) Canto teñen recibido, a través de subvencións, axudas ou convenios, os concellos galegos polos que pasa algún dos camiños de Santiago, da Xunta de Galicia ou de calquera dos entes instrumentais, relacionados co camiño de Santiago ou os equipamentos dotacionais referidos a el dende o ano 2015?

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/10/2017 18:35:53

Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/10/2017 18:36:01

Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/10/2017 18:36:09

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Recentemente foi coñecido que o medicamento Trangorex, un medicamento moi utilizado para combater diversas afeccións cardíacas, estaba practicamente esgotado en Galicia e moitas persoas afectadas acudían a Portugal para poder adquirilo para continuar os seus tratamentos (“Enfermos de corazón teñen que acudir a Portugal na procura dun fármaco esgotado en Galicia”. Galicia Confidencial, 27 de setembro de 2017).

As farmacias apuntan que non reciben explicacións dos problemas de subministro, nin respostas ante as dúbidas de cando se resolverá e reporán as necesidades. As persoas doentes, neste tempo, teñen moitas dificultades para poder ter acceso ao seu medicamento, coa inqueda de non saber que pode ocorrer.

A Consellería de Sanidade admite non ter respostas, e limita a súa acción a trasladar o problema á responsabilidade da Axencia Europea do Medicamento, sen que se coñeza ningunha acción a maiores da notificación e a espera.

Este desabastecemento se acumula a outros que, con anterioridade, se teñen dado en medicamentos de uso habitual para o combate a diversas doenzas e problemas médicos, como pode ser o Bexsero como medicamento contra a meningite B. O control do abastecemento dos medicamentos supón un problema para a cidadanía que sofre os erros e desleixo de funcións da administración, que os somete na incerteza e dificultade de non saber a que aterse e como tratar as súas doenzas.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que accións levou a cabo a Consellería de Sanidade para axudar a resolver o problema de desabastecemento de Trangorex?
2. Ten algunha novidade a Consellería de Sanidade sobre os problemas de desabastecemento de Trangorex?
3. Considera a Consellería de Sanidade aceptable o desabastecemento de medicamentos?
4. Considera que é un problema inaccesible para a súa solución por parte da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 11 de outubro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 11/10/2017 10:39:31

Noela Blanco Rodríguez na data 11/10/2017 10:39:37

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

As axudas para prevención de incendios forestais consistentes en axudas para limpeza dos montes veciñais foron convocadas a finais de decembro de 2016. A ninguén se lle escapa a importancia deste programa de prevención de incendios no senso que a mellor política contra os incendios é a preventiva, de aí que ter o monte limpo ao igual que os perímetros dos núcleos habitados son accións clave na loita contra o lume.

O día 16 de maio de 2017 publicouse no DOG a concesión de axudas dando de prazo ata o 30 de setembro para finalizar os traballos, cunha prórroga ata o 31 de outubro.

A realidade é que entre que se lle pasa a comunicación aos beneficiarios, se pasa á fase de ofertas e proxectos que teñen que esperar á verificación dos proxectos aprobados e finalmente faise a comunicación á comunidade de montes veciñais, transcorre un tempo vital que aboca ás comunidades beneficiarias a iniciar os traballos en xullo.

Con esta dinámica as comunidades de montes atópanse que é a partir de xullo cando teñen a confirmación para empezar os traballos e contando só con 4 meses para levalos a cabo, tendo en conta o prazo de prórroga do 31 de outubro.

Precisamente a partir do 1 de xullo entra en vigor a lei de prohibición de traballos con maquinaria nos montes por perigo de incendio e que se alonga ata o 30 de setembro, co cal a tarefa de prevención vese freada, ou cando menos moi retardada, imposibilitando levar adiante de xeito eficaz os labores de prevención e, noutros casos, imposibilitando tales traballos.

Grupo Parlamentario

En todo caso as labores de limpeza de broza débense realizar a finais do inverno e principios da primavera e nunca no verán. Esta situación reflicte a falla de dilixencia do Goberno galego nun asunto tan estratéxico para a masa forestal galega e mesmo para a produción e seguridade no mundo rural.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ademais propicia que non se empreguen os fondos previstos para prevención de incendios tanto deste programa como de similares, provocando que a día de hoxe, segundo fontes do sector, só se leven empregado un 25 % dos fondos para a prevención de incendios. Recordar que no período 2013 a 2016 deixaron de gastarse 38.937.000 millóns de euros en accións preventivas e infraestrutura forestal.

Por todo isto os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Ten pensado o Goberno galego axilizar os prazos de convocatoria, aprobación e resolución definitiva para que os traballos de prevención de incendios se poidan levar adiante ao remate do inverno e comezo da primavera?

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 11/10/2017 16:10:34

Jóse Manuel Pérez Seco na data 11/10/2017 16:10:44



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 3920**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da mellora da situación do desemprego en Galicia en relación co ano 2009”**, (publicada no BOPG número 58 do 2 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Galicia encadea trece trimestres de baixadas interanuais no número de traballadores desempregados, situándose nunha cifra similar á reflectida hai sete anos. De feito, a taxa de paro na comunidade galega é do 16,11% no segundo trimestre de 2017, é dicir, máis dun punto por debaixo da media do Estado. Igualmente, os niveis de ocupación continúan na senda de crecemento. Así pois, a nosa comunidade conta con 1.048.900 ocupados no segundo trimestre de 2017, logo de que crecera en 14.900 no último ano. Situámonos así nun nivel superior ao reflectido hai cinco anos.

Ambas tendencias do mercado laboral galego confírmanse nos datos de paro e afiliacións á Seguridade Social do pasado mes de xullo. De feito, Galicia – con 181.871 persoas inscritas como demandantes de emprego – sitúase en niveis de paro inferiores aos de xullo de 2009. Por outra banda, as afiliacións crecen con respecto a hai un ano en 22.625 (+2,32%), sendo o maior aumento producido nun mes de xullo desde o inicio da crise.

Outro feito destacado é que, no segundo trimestre de 2017, o 86,09% do total de ocupados galegos teñen un posto de traballo a tempo completo e que o 72,81% dos asalariados galegos teñen un contrato indefinido. Neste sentido, cómpre sinalar que dous de cada tres traballadores ocupados na nosa comunidade teñen un contrato indefinido e a tempo completo, en sintonía coa media estatal.

Xa en relación co emprego feminino, sinalar que os datos de xullo reflicten que as afiliacións de mulleres á Seguridade Social medran en termos interanuais en 10.485 (+2,23%), sendo esta a maior subida producida nun mes de xullo desde o inicio da crise económica. De feito,

paxina 1 de 2

o número de afiliacións medias de mulleres á Seguridade Social en Galicia é maior agora que en abril de 2009. Concretamente, o pasado mes había 14.928 afiliacións femininas máis (+3,21%).

As mulleres, ademais, rexistran unha subida interanual nas xornadas a tempo completo de 9.800 persoas, segundo a última Enquisa de Poboación Activa (EPA), o cal significa unha alza en termos relativos dun 2,59%. Tamén aumenta o número de mulleres asalariadas cun contrato indefinido, en concreto son 1.300 máis que hai un ano (+0,45%).

Polo tanto, a recuperación da economía galega está a ter o seu reflexo na creación de emprego e estamos ante un bo escenario para que os esforzos do Goberno galego faciliten consolidar esta evolución positiva e se reflicta cada vez con máis forza na situación das nosas familias. Neste sentido, cabe mencionar que os fogares con todos os activos parados reducíronse en 7.200 (-9,51%), ao tempo que aqueles con todos os activos ocupados aumentaron en 14.100 (+2,53%), situándose a cifra en 570.700 fogares.

Seguir neste camiño é, precisamente, o obxectivo da Axenda 2020 para o Emprego e o resto das planificacións deseñadas desde a Administración autonómica para continuar a dinamizar a nosa economía e consolidar un modelo produtivo máis competitivo e internacionalizado, baseado na innovación e no capital humano, con capacidade para crear máis e mellores postos de traballo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 09:34
Nº Rexistro: 17936
Data envío: 02/10/2017 09:34:11.857



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2017 9:34:05



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Con data 2 de outubro de 2017 e número de rexistro de entrada no Parlamento 17936, remitiuse un oficio no que se daba resposta á pregunta oral en Pleno número 3918, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O dito oficio contiña un erro ao sinalar no número da pregunta o 3920, polo que cómpre corrixir ese oficio de remisión indicando que o número da pregunta é o 3918.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2017.

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727